

sarria

Aprobada unha moción para solicitar un estudo e mellorar a estrada LU-633. **Páx. 3**

paradela

O Concello presentou o calendario no que o punto limpo móbil estará nas parroquias. **Páx. 14**

o incio

Analizan cuestións de interese para o municipio, como a rehabilitación de vivendas. **Páx. 17**

láncara

O Clube de Pesca Río Neira organiza as V Xornadas Técnicas de Pesca a Mosca. **Páx. 18**

samos

As actividades agrogandeiras fronte aos incendios foron tratadas nunha xornada. **Páx. 20**

As rúas éñchense de disfraces polo Entroido



Sarria Aire Limpo, contra a planta de Oural

A Plataforma cre necesario que os políticos municipais rexeiten de forma clara o proxecto. **Páx. 3**

A Deputación debate o acordo do Mercorsur

O Pleno acordou instar á Xunta e ao Goberno Central a defender os intereses do sector gandeiro. **Páx. 13**

O Xacorun 2026 volve elixir Sarria para a saída

Sarria será de novo o punto de comezo da quinta edición do evento deportivo o 15 de marzo. **Páx. 23**

Castro de Rei de Lemos



A Asociación de Paradela leva 25 anos promovendo a actividade cultural. **Páx. 15**

Lucía Pérez



Lucía Pérez celebra dúas décadas de carreira musical e 40 anos de vida. **Páx. 16**

Asociación Val de Láncara



Marta Fernández destaca a actividade cultural destes máis de 30 anos. **Páx. 19**



INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA



EXTENDEDOR DE SILO
MODELO VIMIANZO
CON BOMBOS
GALVANIZADOS



CUIDAMOS EL
BIENESTAR
ANIMAL



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS
DE 0,7m³, 1m³-1,7 m³ Y 2.1m³




ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO
DE RECAMBIO AGRÍCOLA



¡CONSÚLTANOS SIN
COMPROMISO!



RODILLOS AGRÍCOLAS
ARRASTRADOS AUTONIVELANTES
DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M
DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18
Y DE 3000 KG A 8000 KG.



MAQUINAS Y
RECAMBIOS
LEMKEN

www.corbarsil.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com

SARRIA

Sarria presenta a súa programación cultural para o mes de febreiro



O Concello de Sarria deu a coñecer a programación cultural para o mes de febreiro, cun calendario que reúne música, teatro, literatura, Entroido e actividades en espazos como a Casa da Cultura, a Biblioteca, as rúas da vila e a Praza da Vila. A axenda arrancou o día 1 coa proposta *O látex do verso*, a cargo de Ars Combinatoria e Marica Campo, que se celebrará ás 18:00 horas na Casa da Cultura. O día 5 terá lugar a actividade *A administración cerca de ti*, ás 11:00 horas no mesmo espazo, mentres que o 7 está previsto un obradoiro de máscaras de Entroido ás 17:30 horas. A programación continuará o día 8 coa representación da obra *Seca*, de Teatro do Ar, incluída no Circuito de Teatro Amador da FEGATEA, ás 20:00 horas na Casa da Cultura. Do 9 ao 13 de febreiro celebraranse as audicións de ESMUSA ás 17:30 horas.

O desfile de Entroido será o día 15 ás 17:00 horas polas rúas, seguido da actuación de Mekanika Rolling Band ás 20:00 horas na Praza da Vila, e coa Festa de Entroido do día 16, que se desenvolverá entre as 17:00 e as 21:00 horas na Unión. O día 21 representárase a obra *Aventura Pirata*, de Lalá Teatro, ás 18:00 horas na Casa da Cultura, mentres que o día 22 acollerá un obradoiro de iniciación ao pandeiro cadrado impartido por Roberto Rodríguez, da Asociación Cultural Pelerriños, ás 17:00 horas. A axenda complétase o día 23 coa actividade *Descubre Lugo a través da tecnoloxía*, ás 11:00 horas na Casa da Cultura, o día 25 coa proposta Simposios Salvaxes, ás 20:00 horas na Biblioteca, e o día 28 coa presentación do libro *Roxe de Sebes*, de Ignacio Castro, que terá lugar ás 12:00 horas na Biblioteca.

Chega o Entroido 2026 cun gran desfile de comparsas e carrozas

O domingo 15 de febreiro de 2026 chega a Sarria un dos días máis divertidos do ano coa celebración do Desfile de Comparsas e Carrozas do Entroido, unha cita xa consolidada no calendario festivo da vila. O desfile dará comezo ás 17.00 horas, con saída desde o Barrio da Estación, e percorrerá as principais rúas ata o seu remate, previsto arredor das oito e media da tarde, momento no que terá lugar a entrega de premios. Durante o percorrido estableceranse tres puntos de exhibición nos que as comparsas poderán bailar e realizar coreografías cun tempo máximo de tres minutos, ofrecendo así un maior espectáculo tanto ao xurado como ao público asistente. O Concello de Sarria repartirá nesta edición máis de 6.000 euros en premios, recoñecendo a creatividade, a animación e o traballo realizado polos participantes. O prazo de inscrición permanecerá aberto ata o mércores 11 de febreiro ás once e cincuenta e nove da noite. Para participar será preciso cubrir a ficha de inscrición correspondente, achegar unha copia do DNI e presentar un certificado de titularidade da conta bancaria para o ingreso dos premios. Como paso previo ao desfile, celebrárase unha reunión informativa obrigatoria o xoves 12 de febreiro ás oito e media da tarde no Concello de Sarria, coa finalidade de explicar o desenvolvemento do evento e resolver posibles dúbidas. **PREMIOS.** No apartado de pre-



mios, na categoría de carrozas concederáse un primeiro premio dotado con 800 euros, un segundo premio de 600 euros e un terceiro premio de 300 euros. Na categoría de comparsas outorgárase tamén un primeiro premio de 800 euros, un segundo de 600 euros, un terceiro de 300 euros e un cuarto premio de 150 euros. As agrupacións procedentes de fóra da comarca optarán a un primeiro premio de carrozas de 450 euros, a un primeiro premio de comparsas de 300 euros e a un segundo premio de comparsas de 150 euros. Ademais, establécese un premio individual para grupos de entre unha e tres persoas dotado con 150 euros. Na modalidade individual adulta, tamén para grupos de entre unha e tres persoas, entregarase un primeiro premio de 150 euros, un segundo de 100 euros e un terceiro de 60 euros. Na cate-

goría individual infantil concederáse un primeiro premio de 120 euros e un segundo premio de 100 euros. O Entroido de Sarria recoñecerá igualmente a mellor música en vivo cun premio de 200 euros. Ademais, outorgaranse distintos accésits, entre os que se inclúe o premio á mellor proposta infantil, dotado con 250 euros, destinado a carrozas ou comparsas formadas integramente por menores de 16 anos ou nas que máis do 50 % dos seus compoñentes sexan menores desa idade. Tamén se premiará á comparsa máis animada de máis de 50 compoñentes con 200 euros e á comparsa máis animada de entre 4 e 50 integrantes con 150 euros. O participante máis animado recibirá un premio de 60 euros, ao igual que a mellor crítica de actualidade presentada durante o desfile.





PERMUY
GESTIÓN

CORREDURÍA DE SEGUROS

¡40 AÑOS DE EXPERIENCIA
ASEGUANDO TU TRANQUILIDAD!

Obtén el mejor seguro al mejor precio con
nuestro asesoramiento profesional.

¡No te pierdas nuestras ofertas de febrero!

Ven y descubre nuestras promociones especiales en
productos de inversión y seguros de salud y decesos.

¡TE ESPERAMOS!

Rúa da Liberdade, 86-27400 SARRIA (Lugo)

O pleno xerou un debate intenso e posturas enfrontadas

O pleno municipal de Sarria volveu celebrarse nun ambiente de confrontación política, con diversos asuntos que xeraron discusión entre os grupos. O PSOE presentou dúas mocións. A primeira reclamaba que o alcalde dispoña do mesmo tempo de intervención que o resto dos portavoces nos plenos, unha proposta que foi aprobada co apoio do PP e do BNG, aínda que se asumiu que só podería aplicarse mediante unha modificación do regulamento.

A segunda moción socialista solicitaba explicacións sobre o acordo entre Camiña e o PP, pero o alcalde, Claudio Garrido, rexeitou sometela a debate ao considerar que non era susceptible de votación, propoñendo tratala como un rogo ou deixala para o seguinte pleno cunha redacción diferente, unha decisión que foi moi mal recibida polo portavoz do PSOE, Benjamín Escontrela.

MELLORAS NA ESTRADA LU-633. Pola súa banda, o propio equipo de goberno levou ao pleno unha moción para solicitar un estudo técnico e a adopción de medidas urxentes nun punto negro da estrada autonómica LU-633, na parroquia de Ortoá.

A iniciativa, defendida polo concelleiro de Seguridade Cidadá, Félix Seixas, contou co apoio unánime de todos os grupos do Concello de Sarria. En concreto, propúxose a elaboración dun informe técnico para analizar a posibilidade de eliminar a curva situada no



quilómetro 53,500 e, mentres non se dispoña dese estudo, a aplicación de actuacións como a mellora da sinalización vertical e horizontal, a instalación de sinais luminosos, marcas vibrantes no pavimento para reducir a velocidade ou balizas de separación entre os carrís.

PLANTA DE OURAL. Finalmente, non saíu adiante a moción presentada polo BNG en apoio á Plataforma Sarria Aire Limpo, que instaba ao Concello a interpoñer un recurso contra a autorización ambiental integrada outorgada pola Xunta ao proxecto da planta de combustibles sólidos recuperados en Oural.

O BNG, por medio do seu portavoz, Efrén Castro, defendeu que unha infraestrutura destas características non pode situarse “no corazón urbano de Oural, onde ademais hai un centro educativo”, e considerou que o alcalde debería “ter asumido o liderado para frear esta aberración que vai xerar

problemas para a saúde”. Castro indicou que son 92 os tipos de residuos “que se pretenden almacenar, tratar e queimar” e asegurou que “van traer aquí o que non queren noutros lugares”.

A pesar de contar co respaldo do PSOE, a proposta foi rexeitada polos votos en contra do PP e de Camiña Sarria. Durante o debate, a concelleira popular Carmen José López referiuse á declaración ambiental como un documento de carácter técnico e considerou que é o Concello quen debe determinar se esta instalación é compatible ou non coas vivendas segundo as Normas Subsidiarias. Pola súa banda, o alcalde, Claudio Garrido, asegurou que a implantación desta planta en Oural non implica que se vaian incinerar alí os residuos que trate e explicou que a cementeira non está funcionando na actualidade, engadindo que conta cunha serie de autorizacións para queimas ás que deberá adaptarse en todo caso.

Sarria Aire Limpo pediu un posicionamento político claro contra a planta de Oural



A Plataforma Sarria Aire Limpo solicitou aos grupos políticos con representación no Concello de Sarria que levaran ao Pleno municipal unha moción relacionada coa autorización ambiental integrada concedida pola Xunta de Galicia para a posta en marcha dunha planta de produción de combustible a partir de residuos no núcleo de Oural.

Desde a plataforma advirten de que este tipo de instalación resulta incompatible cun núcleo urbano debido ás emisións contaminantes, aos cheiros e aos rúidos que pode xerar, así como ao impacto ambiental asociado á súa actividade. Consideran especialmente preocupante que se autorice o tratamento de máis de 160.000 toneladas de residuos ao ano nunha contorna na que existen numerosas vivendas e mesmo un centro de educación infantil e primaria.

Sarria Aire Limpo cuestiona ademais os argumentos nos que se sustenta a autorización, xa que o proxecto presentado pola empresa promotora, Votorantim, chega a negar a existencia de poboación no entorno inmediato da planta. Segundo denuncian, o documento afirma que as emisións de fume e contaminantes á atmos-

fera non afectan a vivendas porque estas non existen nas inmediacións, unha afirmación que a plataforma considera afastada da realidade do Oural e que supón unha grave falta de rigor e de respecto cara á veciñanza.

A entidade lembra tamén que, desde que o proxecto saíu á luz pública, se intentou transmitir á poboación que os residuos tratados na planta non serían queimados na fábrica de cemento do Oural. Porén, este argumento considera que quedou totalmente invalidado, xa que o propio proxecto recoñece o uso dese combustible e a Xunta de Galicia fixo público recentemente que o obxectivo da empresa é producir combustibles a partir de residuos no Oural para seren incinerados na planta de cemento xa existente na localidade.

Esta situación, segundo a plataforma, suporía un incremento preocupante da contaminación que xa se rexistra na zona, debido ao aumento das emisións de partículas e de compostos altamente nocivos que xa se producen na actualidade, como metais pesados, óxidos de nitróxeno, óxidos de xofre e compostos orgánicos persistentes.

ELECTRO SARRIA S.L.
INSTALACIONES ELECTRICAS, FOTOVOLTAICAS Y CARGADORES VEHICULOS ELECTRICOS

**CARGADORES ELÉCTRICOS
INSTALADOS POR PROFESIONALES**

CONECTA CON EL FUTURO EN TU HOGAR O NEGOCIO



¿Sabes que podemos instalar tu cargador eléctrico con hasta un 80% de subvención? Nosotros realizamos los trámites. Asesórate sin compromiso



Pol. Ind. San Julián de la Vega, Nave 4, 27614, Sarria
621 263 958 982 167 196
administracion@electrosarria.es



“A Casa da Cultura debe ser un espazo aberto e con moita vida”

Miriam Alonso, técnica da Biblioteca Camilo Gonsar de Sarria, destaca o labor de unión entre o Concello de Sarria e as distintas asociacións culturais da vila

Jessica Fernández

A Biblioteca Pública Camilo Gonsar vén de ser recoñecida co Premio María Moliner de animación á lectura, unha distinción promovida polo Ministerio de Cultura que pon en valor iniciativas innovadoras destinadas a fomentar os hábitos lectores. O galardón chega da man do proxecto “Tecendo redes locais”, unha proposta nacida no seo do Concello de Sarria e desenvolvida coa implicación directa da técnica da biblioteca, Miriam Alonso, en colaboración co concelleiro de Cultura, César No.

“Habitar unha aldea supón vivir nun contexto con características moi específicas, e todo isto afecta ao territorio”

A idea de concorrer ao certame xorde da vontade compartida de reforzar as conexións entre o traballo cultural municipal e o tecido asociativo e educativo do municipio. Para Miriam Alonso e César No, resultaba fundamental crear pontes estables entre a biblioteca, os centros educativos e as asociacións locais, entendendo a Casa da Cultura como un espazo vivo e accesible, aberto á participa-

ción de colectivos de Sarria e da contorna. Ese enfoque tradúcese na invitación constante a entidades diversas para que desenvolvan as súas actividades nun lugar común pensado para o encontro e a dinamización cultural. Baixo esa filosofía toma forma “Tecendo redes locais”, un proxecto que reforza o papel da biblioteca como axente activo do seu entorno inmediato,

percíbese como un premio á colaboración e á comunicación fluída entre todas as partes implicadas, nun modelo no que as necesidades das asociacións atopan resposta. A programación impulsada desde este espazo inclúe iniciativas consolidadas como o reto lector, o Club de Lectura ou os Mércores de Contos, propostas que seguen medrando grazas á liberdade creativa para dese-



capaz de colaborar con escolas, asociacións e colectivos para impulsar actividades lectoras, propostas culturais e accións participativas dirixidas a públicos moi diversos. O recoñecemento, segundo explica Alonso,

ñar actividades e ao respaldo do Concello, unha combinación que, segundo destaca a técnica, resulta clave para manter unha oferta cultural dinámica e atractiva. O Premio María Moliner leva



aparellada unha axuda económica de 2.777,77 euros destinada á compra de libros, un

lizando o debuxo como porta de entrada aos libros. Tamén se incorporará banda deseñada para público adulto, reforzándose o fondo infantil e sumaranse novidades editoriais actuais, co obxectivo de achegar a lectura a persoas de todas as idades. O premio interprétase así como un recoñecemento colectivo a unha maneira de entender a biblioteca non só como un lugar de consulta, senón como un espazo de encontro, creación e convivencia arredor da cultura. Desde o Concello de Sarria agradeceuse ao persoal municipal da Área de Cultura polo seu traballo, implicación e esforzo continuado, que fan posible unha programación próxima, útil e con capacidade de xerar comunidade. A administración local anima, ademais, á veciñanza a seguir facendo da Biblioteca Pública Camilo Gonsar un lugar de referencia, visitándoa de maneira habitual, participando nas actividades que se organizan e achegando novas ideas que permitan continuar medrando conxuntamente arredor dos libros e da vida cultural do concello.

ESTE 2026 CUIDA TU SALUD ORAL. ¡VEN A CONOCERNOS!

- Odontología estética
- Odontología preventiva
- Endodoncia
- Prótesis
- Odontopediatría

- Ortodoncia
- Implantología oral
- Cirugía oral
- Periodoncia
- Patología de la oclusión

DRA. IRIA GASAMÁNS. Odontología general, endodoncia y prótesis. Colegiada 27001306.

DR. ALFREDO RODRÍGUEZ GRANDJEAN. Cirugía oral e Implantología. Colegiado 15001940.

DR. SAMUEL GARABAL. Ortodoncista. Colegiado 27001180.

ANISSA AMANCHAR. Higienista bucodental. Colegiada 1674.

CLÍNICA OBRADOIRO DENTAL

Rúa Pedro Saco, 37 • Tel. fijo: 982 831 632 • Móvil: 621 404 218

A Deputación de Lugo renova o apoio ao matadoiro municipal

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo renovou o seu apoio á actividade do matadoiro municipal de Sarria cunha achega de 50.000 euros, a través da área de Rural, co obxectivo de colaborar no financiamento desta infraestrutura e dar continuidade á colaboración iniciada o ano pasado para garantir a súa xestión pública. O vicepresidente da Deputación, Efrén Castro, e o alcalde de Sarria, Claudio Garrido, deron conta da renovación deste acordo, que contribúe a soste un servizo considerado fundamental tanto para a veciñanza como para os sectores gandeiro e cárnico da comarca.

Efrén Castro explicou que esta achega permite dar continuidade á colaboración iniciada no 2025, co propósito de manter a xestión pública do matadoiro e contribuír a asumir o custo económico que supón para o Concello. O vicepresidente encadró esta colaboración no apoio ao sector gandeiro da comarca e na aposta pola valorización dos produtos de proximidade e de calidade, subliñando a importancia estraté-



xica deste tipo de servizos para o medio rural.

FESTA DO COCIDO DO PORCO CELTA. A Vicepresidencia tamén dedicou 10.000 euros para a organización da Festa do Cocido do Porco Celta, que se celebrou o sábado, 31 de xaneiro, no campo da feira de Sarria. Segundo destacou, trátase dunha celebración popular que reflicte

a tradición da produción gandeira e cárnica no municipio e contribúe á promoción da calidade destes produtos. Pola súa banda, o alcalde de Sarria, Claudio Garrido, salientou que a colaboración da Vicepresidencia da Deputación reforza a Festa do Cocido do Porco Celta e abre novas posibilidades para aspirar ao seu recoñecemento como festa de interese galego.

A Asociación de Palilleiras Camiño de Santiago celebra o seu encontro

A Asociación de Palilleiras Camiño de Santiago de Sarria volverá reunir ás afeccionadas aos bolillos o vindeiro 21 de marzo, recuperando así un encontro que non se puido celebrar o ano pasado e que nesta edición terá un carácter especial ao cumprir dez anos de traxectoria. Así, o colectivo organizador está a preparar unha exposición que repasará a evolución do evento desde os seus inicios.

A xornada arrancará ás 10.00 horas coa recepción das participantes, tras a cal dará comezo a exhibición do labor das palilleiras. Despois dunha pausa ao mediodía para o xantar, a actividade retomarase ás 16.00 horas e prolongarase ata arredor das 19.00 horas. Ao longo do día, o público poderá visitar unha mostra de traballos elaborados polas integrantes da asociación e adquirir materiais e artigos rela-

cionados cos bolillos.

O encontro contará tamén cun sorteo de agasallos entre as participantes, premios achegados por establecementos da vila de Sarria, e estará amenizado con música tradicional a cargo dun grupo popular. A iniciativa conta coa colaboración do Concello e consolídase como unha cita destacada para poñer en valor o traballo artesanal e o tecido asociativo local.

O Porco Celta consolídase como motor económico e de futuro



O Porco Celta volveu situarse no centro da actividade económica e cultural do rural galego coa celebración en Sarria da XVIII Festa do Cocido, unha cita xa consolidada na provincia de Lugo que serviu para reivindicar o potencial dunha raza autóctona ligada ás raíces, á calidade alimentaria e ao desenvolvemento sostible do territorio. O evento converteuse nun escaparate do papel estratéxico do sector gandeiro e agroalimentario como eixo vertebrador do medio rural e como aposta de futuro para Galicia.

Durante a xornada púxose de relevo o valor colectivo que sostén esta feira, orientada á conservación e promoción do Porco Celta, unha raza emblemática que conta cunha forte implantación na provincia de Lugo. O protagonismo do produto evidenciou a existencia dun modelo baseado no coñecemento, no compromiso co territorio e nunha clara orientación cara á calidade, factores que explican que Lugo sexa a provincia con maior número de produtores.

A subdelegada do Goberno en Lugo, Olimpia López, participou no acto acompañada polo alcalde de Sarria, Claudio Garrido, e salientou que esta celebración representa unha mostra de como Galicia pode avanzar cara ao futuro sen renunciar ás súas raíces. López destacou tamén que detrás dun produto recoñecido e de excelencia existe un traballo diario sostido por gandeiros e gandeiras, cooperativas e pequenas empresas que permanecen no territorio e manteñen vivo o tecido produtivo local.

Desde esta perspectiva, a subdelegada incidíu na relevancia do sector gandeiro e agroalimentario como elemento clave para a creación de emprego de calidade, a fixación de poboación no rural e a cohesión social. Nese contexto, remarcou o apoio e a defensa do Goberno de España ao sector, co obxectivo de ofrecer seguridade e estabilidade a unha actividade considerada fundamental para o desenvolvemento económico e social do país.

OSCAR
ALQUILER DE COCHES

951 12 93 33

OSCAR.ES

NOPER CAR

Alquiler de Vehículos en Sarria

VEHÍCULOS INDUSTRIALES

DESDE **36€** /DÍA

TURISMOS

DESDE **30€** /DÍA

MONOVOLUMEN 6-9 PLAZAS

DESDE **90€** /DÍA

200 KM INCLUIDOS AL DÍA Y SEGURO

TENEMOS UN COCHE DE ALQUILER PARA CADA NECESIDAD

Viajes, eventos, Camino de Santiago, coches de sustitución, vacaciones...

Aprobada a normativa sobre protección e tenencia de animais



A ordenanza que regula a protección e a posesión de animais do Concello de Sarria foi aprobada definitivamente despois de non recibirse alegacións tras a súa aprobación no pleno celebrado o pasado outubro.

O texto establece un réxime sancionador, cunhas multas que van desde os 100 ata os 500 euros por non recoller as feces ou non limpar a urina das mascotas. Os animais deberán circular polas rúas con correa, aínda que o Concello poderá determinar horarios e zonas de lecer nas que poidan ir soltos. Tamén se indica que se deberán recoller as deposicións e evitar que mascotas ensucien rúas e espazos públicos, recomendando levar auga para reducir o impacto dos ouriños, e prohibindo que defequen en parques ou xardíns de uso infantil.

A ordenanza clasifica as infraccións en leves (100-500 euros), graves (501-5.000 euros) e moi graves (5.001-30.000 euros). Considérase leve non recoller as feces, non levar auga para neutralizar ouriños, non evitar que accedan a vías públicas ou privadas ou alimentar animais sen dono ou salvaxes. Son graves

as condutas de maltrato, non identificar aos animais, non adoptar medidas para evitar a súa reprodución descontrolada ou abandono. As moi graves inclúen maltrato que cause a morte ou lesións incapacitantes, organización de pelexas ou festas con crueldade, mutilacións ou tenencia de animais salvaxes en circos.

Os propietarios de cans e gatos que saian do fogar deberán identificalos mediante *microchip* e inscribilos no rexistro municipal. Ademais, a normativa prohibe deixar aves ou outros animais en patios, terrazas, galerías e balcóns entre as 00.00 e as 08.00 horas, cando poidan alterar o descanso ou a tranquilidade dos veciños.

A normativa tamén regula os gatos ferais, establecendo a implantación de colonias felinas controladas mediante o método CER (captura, esterilización e retorno) para mantelos baixo control. En canto aos animais sen propietario, prohibese alimentalos sen autorización municipal, unha medida que se estende a calquera especie salvaxe e poida causar danos ou riscos para a saúde pública.

A Estremonía Cantada celebra en marzo a súa décima edición

A Asociación Peleriños de Sarria organiza o 21 de marzo a décima edición da Estremonía Cantada, unha celebración xa consolidada no calendario cultural da vila que volverá encher de música tradicional distintos establecementos locais. A actividade contará cun máximo de dez persoas por grupo e a inscrición realizarase por orde de contacto coa organización ata o 12 de marzo ás 23:30 horas.

A recepción dos grupos participantes terá lugar o sábado 21 de marzo ás 17:30 horas no local da Sociedade A Unión, desde onde se iniciará a ruta musical, coa petición expresa de puntualidade por parte da organización. Cada grupo deberá interpretar un mínimo de dúas pezas e disporá dun tempo máximo de 30 minutos en cada local, seguindo os horarios e o percorrido establecidos pola organización. A normativa da Estremonía Cantada permite o uso de instrumentos, aínda que todas as pezas deberán ser cantadas, e establece que o repertorio sexa preferiblemente tradicional. As persoas participantes estarán convidadas a unha consumición en cada taberna incluída na ruta e tamén á cea na Sociedade A Unión, con auga, viño do país ou cervexa incluídos.

Unha vez rematada a cea, cada grupo interpretará unha peza final e recibirá un agasallo pola súa participación. A xornada pecharase coa actuación do presentador Cé Orquestra Pantasma, nun ambiente festivo que busca poñer en valor a música popular e a convivencia arredor do canto tradicional. A décima Estremonía Cantada conta coa organización da Asociación Peleriños e co apoio do Concello de Sarria e da Sociedade A Unión.



IMPORTANCIA DA INICIATIVA. O presidente da Asociación Roberto Quiroga, explica a Estremonía Cantada naceu da man de tres asociacións, Peleriños, Crearte e Os Gorriós de Louseiro, coa finalidade de "promover a cultura e os cantos de taberna en Sarria". Na actualidade, que segue a través da organización da asociación Peleriños e A Unión, "é un evento moi interesante para a sociedade de Sarria, xa que nos xuntamos en distintos establecementos de Sarria para cantar xuntos". Os cantos, explica, "evolucionaron dende o primeiro ano, que fixemos unha única ruta de 11 tabernas. Esa primeira ruta fíxose polo Malecón, pero, despois, debido á gran demanda de participación e á necesidade de non alargar o evento, decidimos pasar ao formato de 2 rutas de 8 tabernas e grupos".

Ademais, recoñece que durante estes 10 anos, "todos os políticos que estiveron no Goberno local apoiáronnos co desenvolvemento desta actividade".

Con respecto aos participantes,

que aínda non foron desvelados, Roberto Quiroga presume de que os grupos din que "son os cantos que máis lles gustan". Así, participan "contentos e animados, esgotando rapidamente as prazas". Pero tamén hai implicación da veciñanza de Sarria, que se presta voluntaria para acompañar aos grupos. Co que, non só se implican os propios participantes, senón que esta festa é para toda a sociedade sarriá. Tal e como defende o presidente de Peleriños: "Estamos nun momento xenial en todos os aspectos".

Na mesma liña, conclúe que "estes Cantos de Taberna son moi importantes por recuperar a tradición de cantar nos bares, así como recuperar as cancións tradicionais que nos unen nas festas".

Con respecto a esta edición, Roberto Quiroga di que "será como todos os anos; non haberá sorpresas, porque gusta moito tal e como está, preferimos non facer cambios e deixar este formato que ten moito éxito, sen facer cambios substanciais".

PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



NUEVO
SERVICIO:
PLANTA DE
HORMIGÓN



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com




O MIRALLOS

Comida Casera
Cocidos por encargo
Pollos camperos caseros (por encarga)

Miralllos 1, Paradela
RESERVAS:
TEL.: 639 010 696




RESTAURANTE A CARBALLEIRA DE REBOLEIRA
LEÑA Y CARBÓN

MAESTROS DE LA PARRILLA

Instagram: a.reboleira.restaurant
San Martín de Río Lancia
A Reboleira 27692
Tlf: 641 027 705



- PRODUCTOS ECOLÓGICOS, HUERTO PROPIO
- TERNERA GALLEGA SUPREMA
- ASADOS EN HORNO DE LEÑA
- ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:
Telf. 982 546 063

Facebook: Casa de Aira Padron






982 535 334
697 491 756
Calvo Sotelo, 124
27600 SARRIA (Lugo)

A Pulperia de Luis



RIO LOYO
Restaurante

Mesón Castro



Domingo noche / lunes cerrado
Amplia terraza de verano
Comida para llevar

Reservas
Cimo de Agra, s/n - Sarria / Tel. 982 041 697





Pontenova
mesón restaurante

Amplia terraza de verano
Servicio de catering
Comida casera
Especialidad en carnes a la parrilla y caza

Tel.: 982 546 003

Instagram: Catering_meson_a_pontenova
Facebook: Meson pontenova






A Fervenza
CASA GRANDE & RESTAURANTE

Tel.: 982 15 16 10 - info@fervenza.com
Abiertos todos los días, carta elaborada con productos de proximidad
Eventos y reuniones



Alumnado dos institutos de Sarria visitou a exposición “BIS/BARRA”



O alumnado de 4º da ESO do IES Gregorio Fernández e o alumnado da Biblioteca do IES Xograr Afonso Gómez de Sarria participaron nunha saída cultural á exposición “BIS/BARRA”, que se pode visitar en A Sede da Asociación Huhú. A actividade permitiulles achegarse ao traballo de distintos artistas locais nun contexto creativo e participativo, convertendo a visita nunha experiencia formativa enriquecedora. A xornada tivo tamén un marcado carácter colaborativo, xa que reuniu a estudantes de ambos centros

nunha mesma actividade cultural, favorecendo o intercambio e o traballo conxunto arredor da arte contemporánea e da creación local. Como peche da visita, o alumnado realizou un programa en directo para Radio Bolboreta desde a propia sala de exposicións, unha iniciativa que achega a cultura e a comunicación ao ámbito educativo. Desde os centros educativos agradeceron á Asociación Huhú o seu compromiso coa difusión cultural e a excelente acollida ofrecida durante toda a actividade.

Crearte impulsa actividades culturais durante febreiro e marzo

A asociación Crearte continúa a súa aposta pola creación contemporánea e pola cultura compartida cunha programación de actividades que se desenvolverán durante os meses de febreiro e marzo no seu local, A Palleira. Tras as propostas iniciadas no inverno, o espazo acollerá novas citas vencelladas ás artes escénicas, ao cinema e á creación artística, dirixidas a públicos diversos e con formatos pensados tanto para a participación como para a exhibición. A programación de febreiro arrincará o sábado 7 cunha sesión de cinema baixo o título manta e chocolate, unha proposta pensada para gozar do audiovisual nun ambiente acolledor en A Palleira. Ao día seguinte, o domingo 8, o espazo acollerá un obradoiro de teatro impartido por Fernando Díaz, centrado no traballo escéni-



co e na exploración interpretativa. Durante o mes de marzo, A Palleira converterase tamén nun lugar de creación continuada coa residencia artística de Tânia Dinis, que se desenvolverá do 5 ao 8 de marzo e estará centrada no proceso creativo. Dentro desta programación, o sábado 7 haberá

unha actividade dirixida a crianzas baixo o título eu, na miña terra, así como a performance liña de tempo, tamén a cargo de Tânia Dinis. A programación completarase o domingo 8 cun obradoiro de cerámica impartido por Vero Quintela, que permitirá achegarse ao traballo manual e artístico coa arxila.

Hospitaleros Sin Fronteras iniciou a súa primeira viaxe solidaria deste ano

O primeiro grupo de colaboradores da ONG sarriá Hospitaleros Sin Fronteras xa se atopa en Senegal, onde comeza a viaxe solidaria prevista para este ano. Dende o momento da chegada, Ao longo desta viaxe desprazaranse a Senegal un total de 45 voluntarios de distintos puntos de España como Zaragoza, Murcia ou Barcelona, organizados en tres grupos. O seu traballo céntrase en completar e poñer en funcionamento as instalacións do centro de acollida para nenos talibé que a ONG construíu en Malicounda. No último desprazamento xa se encargaran de amoblar unha das estancias e de executar a instalación de auga e duchas, mentres que nesta ocasión



o obxectivo principal é activar unha cociña, un comedor e unha aula obradoiro. Ademais, traballarán na adecuación dunha daara na que resi-

den nenos e iniciarán accións noutra máis para escolarizar menores. A expedición leva tamén material escolar, medicamentos e roupa.

O BNG expuxo en Sarria o seu labor no Congreso

O BNG celebrou en Sarria un encontro coa veciñanza no que explicou o traballo que está a desenvolver nas Cortes do Estado e defendeu que a súa presenza institucional se transforma en melloras reais para a cidadanía do municipio e da comarca. O deputado no Congreso, Néstor Rego, fixo un repaso ás iniciativas impulsadas polo BNG no Congreso, poñendo o foco nas relacionadas coa mellora das infraestruturas ferroviarias do interior de Galicia, unha cuestión clave para Sarria pola súa importancia para a mobilidade, a vertebración do territorio e o acceso aos servizos públicos.

Neste sentido, destacou os avances na modernización e electrificación das liñas ferroviarias e o impulso á rede interior. No ámbito social, o deputado destacou os logros acadados en materia de pensións, unha mellora de especial relevancia para Sarria ao tratarse dun territorio cunha elevada porcentaxe de persoas maiores. Tamén se referiu á ampliación dos permisos de maternidade e paternidade, cualificándoos como un avance importante en conciliación, igualdade e dereitos laborais, con impacto directo nas familias do municipio.

A Semana Santa comezará o 27 de marzo cun pregón de Santiago Torrón

A Semana Santa celebrase un ano máis en Sarria cun acto inaugural que terá lugar o 27 de marzo na capela do Perpetuo Socorro, tamén coñecida como capela do Marqués. O pregón correrá a cargo de Santiago Torrón Villadóniga, presidente da Orde Terceira da Mercé de Sarria, que foi elixido pola Confraría do Santo Enterro e a Soidade para abrir oficialmente a Semana Santa no municipio.

Torrón Villadóniga, membro da Coral Polifónica do Concello e un dos fundadores do coro Voces Novas de Sarria, tomará así o relevo da fotografía e etnografía sarriá Mercedes Vázquez Saavedra, que exerceu como pregoeira na edición do pasado ano. Durante o pregón, que comezará ás 20.30 horas na capela situada na Praza da Vila, o protagonista relatará a súa vinculación coa Igrexa

desde a infancia e explicará como comezou a participar nos actos relixiosos ata a súa chegada a Sarria. Tras a intervención, está prevista a actuación do coro Voces Novas. A Confraría do Santo Enterro e a Soidade xa traballa na elaboración do programa da Semana Santa, que incluírá as procesións tradicionais, entre elas a da Borriqui-ta, que se celebra o Domingo de Ramos.

PINTOR

PINTURAS HOGAR

LATAS

tel.:659 76 79 36

PINTURAS - BARNICES

PERSIANAS

PAPEL PINTADO

TARIMA FLOTANTE

659 767 936

HOGAR

CORTINAS - STORES

RIELES

ALFOMBRAS

EDREDONES

C/ Benigno Quiroga,

93-95, bj - **982 533 497**

SARRIA (Lugo)

“Continúo co legado de Pepe e Lidia, pero dándolle o meu toque”

Adrián López, propietario do Bar Don Pepe desde o ano 2022, aposta pola continuidade despois de 42 anos da posta en marcha dun local único en Sarria

Jessica Fernández

Cal é a historia do Bar Don Pepe?

O Bar Don Pepe xorde no ano 1983 e pasou por varias etapas ao longo da súa historia. Desde o principio foi un local moi moderno para a súa época e sempre estivo bastante orientado á tarde-noite, funcionando como pub. Houbo tamén unha etapa na que abría pola mañá e incluso chegaron a dar comidas. Un dos momentos máis recoñecidos foi a época do karaoke, que lle deu moita fama. De feito, houbo artistas que chegaron a cantar aquí, como David Balboa, que foi cantante da París de Noia, ou Lucía Pérez, que chegou a Eurovisión. A día de hoxe, aínda hai xente que segue preguntando se o bar funciona como karaoke. Co paso do tempo, o local foi evolucionando e adaptándose aos novos tempos, e abriuse a terraza ao lado do río, algo moi importante durante a tempada de verán e tamén para os peregrinos. Na actualidade, o bar funciona como bar de bebidas, de viños e de tapas. Lidia traballaba moito o tema das tapas, e agora incorporouse a miña nai, que tamén está intentando innovar nese ámbito. As fins de semana vén moita xente á hora dos viños e o bar abre todos os días ata as 3 horas da mañá. En canto á clientela, antes era máis reducida porque se traballaba con botellas de alcohol especializadas e a xente viña por ese produto concreto, mentres que agora hai un maior volume de clientes.

Tamén cambiaron as instalacións?

As instalacións fóronse modernizando co tempo, pero o aspecto do bar mantén unha esencia que non se perdeu.

Estes máis de 40 anos fan que o bar sexa recoñecido, non?

Si. O bar chámase Don Pepe, pero en Sarria, fóra de Sarria e mesmo por Galicia é moi coñecido como Patulas. É recoñecido por levar aquí toda a vida e tamén pola etapa do karaoke. Polo bar pasaron avós, pais e netos. Ademais, destaca o esforzo de Pepe e Lidia por estar á fronte do negocio durante 40 anos sen pasalo de pais a fillos, xa que sempre foron eles os xefes.

que entrei eu, a pesar de levar pouco tempo traballando na hostalaría e nunca traballara de noite. Ademais, era curioso, porque a miña nai viña aquí cando era karaoke e agora traballaba comigo, cousas da vida. Cando cheguei ao bar fíxenlle bastantes cambios, xa que era un bar de xente maior, e cambiei o ambiente, traendo xente máis nova. Despois chegou a pandemia, pero tivemos unha moi boa dinámica. Tiña moita confianza cos meus xefes, incluso empecei a



Como se converte en propietario?

No ano 2018 traballaba nunha terraza próxima ao bar. Pepe, Patulas, viña alí tomar algo e fíxose en min, e coincidiu que eu rematei a tempada en setembro e en outubro marchou o camareiro que había no bar, polo

facer de encargado, axudaba cos pedidos e levaba todo xunto con Lidia. Así, saíronme varias ofertas de traballo e fun falar con eles para comentarles a situación. Eles pedíronme que aguantase un ano, porque tiñan pensado xubilarse e querían que eu



continuase co negocio. Tiñan a ilusión de que eu quedase co bar, xa que as súas fillas non estaban aquí e querían que seguise sendo algo familiar. Así, inaugurei como propietario en decembro de 2022 e estou moi contento. Cando collín o bar tiña confianza en que ía ir ben porque era un bar de toda a vida e eu levaba moito tempo nel, pero a realidade foi moito mellor do esperado.

Cales son os puntos fortes do bar?

Destacan as tapas, o vermú do fin de semana, as partidas co café e tamén a noite. A pesar de que o ocio nocturno está caendo bastante en todos os sitios, o bar mantense ben. Péchase todos os días ás 3.00 horas da mañá e mesmo entre semana hai días con arredor de 30 persoas. Un aspecto moi importante é o tema das tapas, grazas á chegada da miña nai, que está traballando moito e cociña moi ben, polo que conseguimos un premio do Tapicheo cunha tapa feita por ela. Ofrecemos tapas de cociña para acompañar os partidos de fútbol e os viños, e no verán, na terraza, danse tapas frías de cortesía. Non se dá comida porque a cociña non está preparada para iso nin temos previsto incorporala. Para min, o máis importante foi continuar co legado dos meus xefes, mantendo o

seu estilo, pero dándolle tamén un toque persoal.

Que importancia ten este bar na sociedade de Sarria?

En decembro participamos no Tapicheo e quedamos terceiros, pero colaboramos con todos os eventos importantes para a sociedade de Sarria, como o Verbena Fest, no que axudo a organizar, e no que o vermú se celebra na terraza do bar. Ademais, colaboramos co Festival Internacional de Maxia de Roberto Lolo, con dúas actuacións no local, e co festival Sarria Blues no Camiño, que tamén programa actuacións aquí. Ademais, o ano pasado celebráronse entre 4 e 5 eventos na terraza para promocionar a vida cultural e social dos veciños de Sarria. Todo evento que se faga no pobo é bo para todos, xa que todos nos nutrimos del: os festivais atraen xente e os bares benefíciense diso. No inverno tamén intentamos organizar festas no bar con marcas de alcohol. Por exemplo, na festa do cocido do porco celta organizouse unha festa pola tarde, e cando se celebra a ruta 4x4 o bar énchese de xente. Tamén colaboramos co Máster de Fútbolín. En xeral, participamos e colaboramos con todos os eventos do pobo porque considero que son beneficiosos para todos.



EXCLUSIVIDAD
para la **SALUD**
de tu **SONRISA**

Especialistas centrados en:

- Ortodoncia infantil y adultos
- Ortodoncia invisible
- Problemas de Oclusión y Función
- Articulación Temporomandibular - Bruxismo
- Diseño de sonrisa
- Ortopedia dentofacial

¡Ortodoncia todos los días!
Lunes, miércoles y jueves:
12:00 a 20:00 h
Martes y viernes: 9:00 a 17:00 h

ifi
figueiras
ORTODONCIA

982 22 58 70 • 659 44 05 13
info@ortodonciafigueiras.es

Rúa Camilo José Cela 13, Local 1. 27002 Lugo
(Pza. de Augas Ferreas, esq. R/ Cántigas e Frores)

9.5.- C-27-0014-06

COMARCA

O Incio e outros concellos acolleron homenaxes a vítimas do Holocausto



A Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica (ARMH) está a homenaxear ás persoas deportadas da provincia de Lugo aos campos de concentración nazis, a través da colocación de Stolpersteine en varios concellos lucenses. En concreto, os primeiros recordos tiveron lugar en O Corgo, Outeiro de Rei, O Incio e As Nogais, en memoria de veciños e veciñas vítimas do Holocausto. O primeiro celebrouse no Corgo, dedicado a Rafael Pardo Valles, garda de Asalto da República, natural de Laxosa, que foi asasinado no subcampo de Gusen. Ao día seguinte, a homenaxe trasladouse a Outeiro de Rei, onde se lembrou aos irmáns Aurelio e Vitorino Díaz Huertas. Despois, foi a quenda do Incio, cun acto en memoria de Casto Martínez Parada, veciño de Trascastro, deportado xunto coa súa familia desde Angoulême ao

campo de Mauthausen no coñecido como “Convoy dos 927”. A última das homenaxes previstas nesta primeira fase terá lugar o 7 de febreiro en As Nogais, onde se lembrará a Liberio Valí García, natural de Vilarín de Doncos, asasinado na cámara de gas do castelo de Hartheim, así como a Balbino Santín Aira, de Sebrás, e a Octavio López Reymondez, de Vilabol, ambos falecidos en Gusen. Desde a ARMH avanza que, nas vindeiras semanas, outros quince deportados lucenses serán tamén homenaxeados nos seus municipios. Estas accións enmárcanse no proxecto Stolpersteine, unha iniciativa artística impulsada en 1990 polo artista alemán Gunter Demnig, que busca lembrar ás persoas perseguidas ou asasinadas polo réxime nazi entre 1933 e 1945, con independencia da súa relixión, orixe ou sexo.

A CHMS realiza traballos de conservación en ríos da comarca

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), organismo autónomo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, iniciou unha serie de traballos de conservación e mellora en preto de 13 km de leitos fluviais nos concellos lucenses de Sarria, Láncara, O Páramo, Meira, Baralla e Samos. As actuacións céntranse en distintos tramos dos ríos Sarria, Miño, Porto da Pena e Neira, cun obxectivo claro de reducir os riscos de inundación en episodios de fortes precipitacións e aumento significativo do leito. O presidente da CHMS, Quiroga, explicou que estas intervencións buscan actuar de maneira preventiva en puntos especialmente sensibles, onde a acumulación de elementos vexetais estaba a provocar numerosos taponamentos que dificultaban o fluxo natural da auga. Segundo detallou, os traballos están orientados á conservación e á restauración da hidromorfoloxía natural dos leitos, co fin de mellorar a súa resiliencia fronte aos efectos do cambio climático e favorecer a súa capacidade de adaptación a fenómenos meteorolóxicos extremos cada vez máis frecuentes. As actuacións consisten na retirada de árbores, troncos e ramas tombadas que se atopaban sobre o dominio público hidráulico e na zona de servidume, así como na talla, partido, amontoado e posterior retirada de múltiples exemplares secos, tanto caídos como aínda en pé, presentes nos tramos nos que se



vai intervir. Ademais, está previsto levar a cabo accións de restauración hidrolóxico-forestal en zonas concretas, co obxectivo de controlar a erosión e protexer as marxes dos ríos mediante solucións baseadas en técnicas non invasivas e ambientalmente sostibles. Quiroga subliñou tamén que a utilización de medios mecánicos, como tractores ou trácteles, limitárase exclusivamente a zonas fóra do leito fluvial, evitando en todo momento actuacións desde o interior do río para minimizar o impacto ambiental. No caso concreto das curtas de amieiros, aplicáranse medidas e recomendacións profilácticas específicas para evitar a propagación da enfermidade Phytophthora alni, que afecta a esta especie característica dos bosques de ribeira. O presidente da Confederación destacou que as actuacións previstas contribuirán de maneira directa á mellora e recuperación do bosque autóctono de ribeira e permitirán

avanzar na restauración da morfoloxía fluvial natural dos ríos, alterada en moitos casos pola presenza de barreiras artificiais e intervencións humanas realizadas ao longo do tempo. O investimento estimado para a execución destes traballos ascende a 90.000 euros e está cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), cunha achega do 60% do orzamento total, no marco do Programa Operativo 2021-2027. As actuacións enmárcanse no Obxectivo Específico 2.4, que pretende favorecer a adaptación ao cambio climático, a prevención do risco de catástrofes e o reforzo da resiliencia, tendo en conta enfoques baseados nos ecosistemas, e están suxeitas ao cumprimento da Condición Favorecedora 2.4 relativa a un marco eficaz de xestión do risco de catástrofes, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello.

Os gandeiros seguen protestando contra o acordo UE-Mercosur

Os gandeiros e gandeiras da provincia de Lugo volveron ás rúas como protesta contra o acordo comercial entre a Unión Europea e Mercosur, tras unha semana de parón nas protestas ante a falta de avances. As concentracións foron convocadas de novo polas organizacións Agromuralla e Gandeiros Galegos da Suprema. Centos de profesionais do sector concentráronse e iniciaron unha manifestación acompañada por máis dun cento de tractores. Estas protestas dan continuidade ás desenvolvidas entre o 12 e o 21 de xaneiro,

cando preto de 180 tractores participaron durante dez días consecutivos en concentracións, marchas a pé e accións reivindicativas. O regreso das protestas prodúcese malia que o Parlamento Europeo aprobara recentemente, por unha axustada maioría, levar o acordo UE-Mercosur ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, ao existir dúbidas sobre a súa compatibilidade co dereito comunitario. A decisión fora recibida con satisfacción polos manifestantes, que daquela optaran por suspender temporalmente as mobilizacións. Porén,

segundo explican os convocantes, a ausencia de avances reais e de respostas institucionais obrigounos a retomar a presión na rúa. Os representantes do sector denuncian que seguen sen obter resposta ás reunións solicitadas co delegado do Goberno, a subdelegada e os eurodeputados, e aseguran que a indignación é xeralizada entre os produtores de todo o Estado. Critican, ademais, que o apoio político recibido sexa ambiguo e condicionado a intereses alleos ao campo, mentres se mantén o respaldo ao tratado comercial.

info@casasneiras.com
Tel.: 982 986 084 | 698 163 989

ESTAMOS DE VOLTA

EN SARRIA • Supermercado A Pontevelle • Supermercado Javi (Cruce da Estación)	EN LÁNCARA • Casa Enriqueta NA POBRA DE SAN XIAO • Supermercado Cerviño
--	---

A Furgoteca duplica os usuarios e consolídase como motor cultural

O servizo de Bibliotecas Móviles da Xunta de Galicia, coñecido como A Furgoteca, conta na actualidade con 2.648 persoas usuarias, máis do dobre dos carnés rexistrados no ano 2024.

O representante da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, Anxo M. Lorenzo, lembrou que A Furgoteca botou a andar en 2023 en 20 concellos do rural da provincia de Lugo e do sur de Ourense, todos eles municipios de menos de 20.000 habitantes que carecían de servizo de biblioteca. Segundo subliñou, a acollida foi moi positiva desde o inicio, como amosan os datos de 2024, cando o programa xa contabilizaba 1.764 persoas usuarias, máis de 17.200 préstamos realizados e un total de 12.392 visitantes.

Á vista destes resultados, a Xunta decidiu incorporar a comezos de 2025 unha terceira ruta, coa que se ampliou o servizo de dinamización lectora a outros dez concellos do oeste de Ourense. Anxo M. Lorenzo explicou que esta medida se enmarca na aplicación da Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia, unha normativa pioneira que ten como obxectivo achegar a cultura a toda a cidadanía, con independencia do lugar de residencia ou das condicións socioeconómicas, cognitivas ou comunicativas.

Coa posta en marcha destas tres rutas, A Furgoteca conseguiu en 2025 dobrar o número de persoas usuarias, ao tempo que incrementou nun 37,5 % o volume de préstamos e nun 48,7 % o número de visitantes. Uns datos que, segundo o director xeral de Cultura, reflicten a importan-



te contribución deste servizo á accesibilidade cultural e á dinamización do interior e do rural galego.

Na provincia de Lugo, a ruta de A Furgoteca achega propostas culturais e de lecer aos concellos de Baleira, Cervantes, Folgoso do Courel, O Incio, Navia de Suarna, Negueira de Muíñiz, As Nogais, Pedrafita do Cebreiro, Samos e Triacastela. Pola súa banda, a ruta de Ourense Sur leva accións de fomento da lectura a Baltar, Os Blancos, Calvos de Randín, Castrelo do Val, Cualedro, A Gudiña, Laza, Oímbra, Trasmiras e Vilardevós. No caso da ruta de Ourense Occidental, da que forma parte Ramirás, o servizo amplía o seu percorrido a outros nove concellos: Lobeira, Muíños, Padrenda, A Porqueira, Quintela de Leirado, Rairiz de Veiga, Sandiás, Sarreaus e Vereas. As rutas de A Furgoteca visitan dúas veces ao mes cada un dos concellos participantes, asentándose nunha das xornadas nos puntos de maior afluencia de público e

achegándose na outra ás parroquias e aldeas para ofrecer unha atención máis próxima e personalizada.

Cómpre lembrar que as rutas de A Furgoteca viaxan dúas veces ao mes a cada un dos concellos participantes, de maneira que se asenta un dos días nas localizacións con maior afluencia de público, xa sexan feiras, mercados, centros de saúde, pavillóns de deporte, centros educativos ou centros socioculturais. Na outra xornada achéganse ás parroquias e aldeas para ofrecer unha atención máis personalizada. Finalmente, o director xeral de Cultura tirou proveito do festexo da efeméride do Día das Bibliotecas Móviles para anunciar que Galicia será en outubro a sede do vindeiro Congreso das entidades públicas que prestan este servizo por toda España e diferentes puntos de Portugal. En concreto, adiantou que se celebrará os días 23 e 24 dese mes na Cidade da Cultura de Galicia, en Santiago de Compostela.

FAPACEL e o Colexio de Enfermería de Lugo renovan o seu convenio



A Federación Provincial de ANPAS de Centros Públicos de Lugo e o Colexio Oficial de Enfermería de Lugo renovaron o seu convenio de colaboración co propósito de dar continuidade ás accións formativas e ás iniciativas de promoción da saúde dirixidas ás ANPAS integradas en FAPACEL. O acordo foi subscrito pola presidenta da Federación, Isabel Calvete Carrera, e pola presidenta do Colexio Oficial de Enfermería de Lugo, Eva Gómez Fernández, reforzando a liña de traballo activa desde o ano 2022.

Esta renovación permite prolongar o desenvolvemento do programa Educación e Saúde, que nos últimos anos vén mantendo unha intensa actividade nos centros educativos públicos da provincia. Desde o inicio da colaboración realizáronse un total de 178 accións formativas centradas na educación afectivo-sexual, unha das áreas máis demandadas polas comunidades educativas, chegando a arredor de 5000 nenos e nenas. De cara ao ano 2026, xa están programadas 40 novas formacións, ás que se suman outras intervencións adicionais que

se realizan de maneira gratuíta para as ANPAS asociadas, en función das súas necesidades específicas.

No eido dos primeiros auxilios, o convenio permitiu impartir 13 obradoiros de reanimación cardiopulmonar, unha formación clave para capacitar tanto ás familias como ao persoal educativo na resposta ante situacións de emerxencia. Para o curso actual están previstas seis novas accións nesta materia, co obxectivo de ampliar estes coñecementos básicos entre a comunidade educativa.

Como principal novidade, o acordo incorpora unha nova liña de traballo centrada na saúde emocional e nos hábitos de vida saudable. Neste ámbito están previstas 14 formacións ao longo de 2026, orientadas a fomentar o benestar integral do alumnado e das súas familias, atendendo ás necesidades actuais dos centros educativos.

Con esta renovación, reforzan o seu compromiso de traballar de maneira coordinada na educación para a saúde, a prevención e a mellora do benestar das familias e do alumnado dos centros públicos.



PIZZERIA PAPARAZZI
100% ITALIANI

!!OFERTAS ESPECIALES!!

-50% en la segunda pizza familiar

-25% en la segunda pizza mediana

Martes
Familias de 2 a 4 personas
8€

Servicio a domicilio
Reservas: 982 012 026

Rúa Diego Pazos, 30 - Balao Sarria

cafe CUBAN bar

COMIDA PARA LLEVAR

1er PREMIO
XV CONCURSO DE TAPAS
TAPICHEO'22

Matías López 100, SARRIA - cafeteriabarcubano@gmail.com
Tfno.: 982 886 580

cafeteriabarcubano

“O obxectivo é chegar a máis persoas e recoller máis achegas”

María Ferreiro Santos chega á Secretaría Xeral do Sindicato Labrego Galego tras 13 anos á fronte da Secretaría das Mulleres do sindicato

Como é ser secretaria xeral?

Ser secretaria xeral é unha responsabilidade importante, pero eu sempre insisto en que as responsabilidades e as decisións son colectivas. No SLG quen marca o rumbo é a Dirección Nacional, un órgano formado por labregos e labregas de diferentes comarcas e zonas do país, e é aí onde se decide a liña de traballo. A secretaria xeral, por organización, ten que asumir funcións concretas e ás veces ser a cara visible ante unha convocatoria, unha xuntanza ou unha interlocución, pero detrás hai sempre equipo e decisión compartida.

Cales son as responsabilidades que ten no día a día?

No día a día teño que estar moi pendente das novidades de política agraria, como medidas, lexislacións ou axudas que van saíndo, e ver como encaixan co que o congreso do sindicato aprobou para estes catro anos. Hai tamén moita tarefa de interlocución: con administracións, con outros colectivos e coa base organizada, porque ao final a organización ten que estar ‘en tempo real’ no que lle afecta á xente do campo. E iso complétase co traballo interno de coordinación e de dar seguimento ao que se vai decidindo.

Que foi o primeiro que se dixo a si mesma ao coller o cargo?

A primeira inquedanza foi manter sempre un contacto directo coas persoas e cos sectores. Contacto coa Dirección Nacional, coas comarcas e cos grupos organizados, para ter información de primeira man do que pasa e do que preocupa en cada zona. Iso inclúe desde problemas moi concretos, por exemplo, se pecha unha escola, se falla un servizo público, se hai unha incidencia sanitaria ou ata cuestións que afectan a un sector determinado. A idea é estar ao tanto para poder incidir onde se poida e coa forza que se teña, para cambiar o que hai que cambiar ou demandar outro camiño.

Podería destacar algo que lle queda de herdanza da etapa anterior?

Da etapa anterior quedome con moitas cousas, pero sobre todo coa importancia da autoorganización e de manter espazos propios. Espazos de interlocución e apoio, onde tamén hai lugar para rir, para chorar e para facer comunidade, porque é desde esa ‘voz propia’ desde onde se explica o que pasa e como se vive. A diferenza é que agora o marco é moito máis amplo: antes traballaba cun abano máis acoutado de temas e agora hai unha mestura constante entre a axenda que queres impulsar e o que urxe cada día como organización. Esa ampliación obriga a afinar prioridades sen perder o vínculo co territorio.

Que lle gustaría que a xente notase a curto prazo?

Gustaríame que a xente note máis presenza no territorio e máis contacto directo, que non sexa só unha cuestión de ‘saír’ en momentos puntuais. No propio congreso creouse a Secretaría de Acción Sindical para reforzar esa idea e combinar mellor o traballo da Dirección Nacional con máis actividade comarcal. O obxectivo é chegar a máis persoas, recoller máis achegas e que a base teña máis canles para participar e para trasladar demandas.

Cales son os cambios que van facer para estar máis ‘ao lado’ da xente?

A Dirección Nacional é un órgano grande, con máis de sesenta persoas e, aínda que se reúne de maneira ordinaria dúas veces ao ano, non sempre é doado mover tanta xente de tantos puntos. Por iso a idea é sumar actividade comarcal sen substituír a Dirección Nacional, senón para complementar: máis xuntanzas, debates e mobilizacións cando toque, e traballo directo arredor de retos grandes como Mercosur ou negociacións que afectan ao sector. Ademais, cremos que desde a base, coa interlocución directa, a construción é máis rica e tamén se favorece que a xente

deia pasos para participar en espazos de maior responsabilidade.

Se tivera que escoller tres prioridades para esta etapa, cales serían?

Unha prioridade é conseguir estabilidade e prezos dignos, porque a inseguridade nos prezos fai o sector vulnerable en calquera produción. Outra é o relevo xeracional, porque sen condicións mínimas para incorporarse e manter un proxecto, o rural queda sen futuro. E a terceira é recuperar unha interlocución real co sector: non pode ser que as decisións cheguen xa feitas e que despois haxa que reaccionar pola vía da urxencia; fan falta canles establecidas para falar de medidas, de como se aplican e de como se corrixen.

“Unha prioridade é conseguir estabilidade e prezos dignos; outra é o relevo xeracional; e a terceira, recuperar unha interlocución real co sector”

Hai algún tema que cre que non está recibindo atención pública?

Boto en falta máis avaliación real das políticas públicas. Non chega con aprobar unha axuda ou unha medida: hai que mirar despois a quen lle chega, a que proxectos, e que impacto ten máis tarde. E esa avaliación debería trasladarse ao sector e á cidadanía, porque falamos de políticas públicas. Tamén quero poñer o foco en cuestións como a titularidade compartida: cando se aprobou falouse de decenas de miles de mulleres que poderían acollerse, pero as cifras reais son baixísimas, e iso obriga a revisar que falla e introducir medidas correctoras para corrixir situacións desiguais.



Que lle preocupa máis agora mesmo no sector?

Hai moitos retos, pero dous destacan. O primeiro é a inseguridade permanente dos prezos: independentemente de producir leite, carne ou outras cousas, moitas veces non sabes cal vai ser o teu prezo de venda, e iso complica investir e planificar. E o segundo é que existan leis que deberían protexer ao produtor e non se fagan cumprir: a lei da cadea alimentaria di que non se pode vender por debaixo de custos, pero se non hai seguimento nin se sentan as partes, esa protección queda en papel mollado. Ademais, todo isto está ligado ao relevo xeracional, e os datos de peche de granxas son moi serios. Por exemplo, o leite baixou das 5.000 granxas en Galicia e isto era algo que hai poucos anos parecía impensable.

Cando falamos de ‘relevo xeracional’, que significa no rural?

Non é só que entre xente nova, é que poida montar un proxecto e vivir del con dignidade. Significa ter futuro: poder investir, manterse e non estar sempre pendente de que un cambio de prezos ou unha decisión administrativa che tire o proxecto abaixo. E tamén significa ter unha contorna que permita quedar: servizos, acceso a recursos e un marco que non che expulse.

Se unha persoa nova di ‘quero vivir do agro, pero non podo’, que falla?

Fáltalle estabilidade e prezos xustos, pero tamén condicións para asentarse: que haxa escola preto, centro sanitario, centro de día se o necesitas, servizos de coidados... Iso afecta

a todo o mundo, pero moitas veces pesa aínda máis sobre quen asume os coidados. E tamén está a cuestión práctica de ubicarse: en que etapa vital estás, que proxecto queres, e se o territorio che dá ou non che dá soporte para quedar.

Que lle pediría ás institucións?

Unha primeira medida é garantir interlocución directa e estable co sector desde as administracións con competencias, especialmente a Xunta, para falar das políticas antes e durante a aplicación. A segunda é facer cumprir a lei da cadea alimentaria: se non se pode vender por debaixo de custos, hai que sentar ás partes e asegurar que se respecta, porque un produtor individual non ten capacidade real fronte a grandes compradoras. E a terceira é algo que parece menos ‘urxente’ pero é clave: avaliar as políticas e axudas con criterios claros. É dicir, quen se acolleu, a que proxectos chegou, que resultados deu... e facer públicos eses datos para poder corrixir o que non funciona.

A etapa á fronte da Secretaría das Mulleres que lle aportou?

Deume moito adestramento en escoitar e en estar en contacto directo coa realidade dos proxectos no territorio. E tamén a convicción de que a autoorganización e os espazos propios son fundamentais para que as demandas non se dilúan e para que a ‘voz colectiva’ chegue con claridade onde ten que chegar. Esa experiencia axúdame a intentar manter ese fío co territorio, aínda que o marco de tempos sexa máis amplo.

Cales cre que son os principais freos para as mulleres no agro?

Hai freos comúns, como os prezos, o acceso a proxectos ou os servizos, pero para as mulleres segue pesando a falta de corresponsabilidade real nos coidados. No rural, ademais, a distancia aos servizos públicos conta moito: canto tardas en chegar a un colexio, a un centro sanitario, a un centro de día. Tamén segue habendo obstáculos máis sutís no acceso á terra e ao crédito. É dicir, quen avala, quen ‘confía’; e mesmo nas titularidades, onde ás veces se prioriza antes un home ca unha muller. Avanzouse, pero hai retos importantes por diante.

DEPUTACIÓN

O primeiro pleno de Carmela López tratou tres mocións sobre Mercosur

O Pleno da Deputación de Lugo estivo marcado polo debate arredor do acordo comercial entre a Unión Europea e Mercosur, nunha sesión na que se presentaron tres mocións distintas sobre esta cuestión e que saíron adiante as propostas do PSOE e do PP, mentres que a do BNG foi rexeitada. Foi ademais o primeiro pleno presidido por Carmela López, alcaldesa de Burela, nun contexto aínda condicionado polas recentes mobilizacións do sector agrario.

Cada grupo levou ao debate a súa propia iniciativa, con enfoques diferentes. PSOE e PP amosaron unha posición favorable ao acordo, aínda que condicionada ao reforzo dos controis e á garantía da seguridade alimentaria, mentres que o BNG defendeu o rexeitamento do tratado ao considerar que terá graves consecuencias para a produción agrogandeira galega. O vicepresidente da Deputación, Efrén Castro, acusou socialistas e populares de apoiar as protestas do sector mentres avalan o acordo nas institucións europeas. A moción nacionalista foi rexeitada cos votos en contra do PSOE.

A través da iniciativa socialista, o Pleno acordou instar á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a defender os intereses do sector gandeiro, esixindo unha aplicación responsable do acordo con Mercosur. A proposta foi aprobada coa abstención do PP e o voto en contra do BNG. A presidenta da Deputación, Carmela López, subliñou que o novo escenario para o sector primario debe afrontarse con rigor e responsabilidade



política. Pola súa banda, o deputado Xosé María Arias advertiu dos riscos dunha aplicación desequilibrada do tratado e defendeu a activación de cláusulas de salvagarda, o reforzo dos controis fronteirizos, a promoción da carne galega e unha PAC forte.

O Partido Popular tamén sacou adiante a súa moción en defensa do sector primario, pola abstención do PSOE e do deputado non adscrito, e o voto en contra do BNG. A proposta reclama máis fondos para a PAC, frear a aplicación provisional do acordo sen garantías e asegurar que os produtos importados cumpran os mesmos requisitos que os produtores locais. O portavoz popular, Antonio Ameijide, lamentou a falta de consenso e criticou tanto ao BNG como ao PSOE polas súas posicións en relación co tratado.

Fóra do debate sobre Mercosur, o Pleno aprobou unha iniciativa do goberno provincial para reclamar á

Xunta un incremento do financiamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) ata cubrir o seu custo real. A proposta contou cos votos favorables do PSdeG e do BNG e co rexeitamento do PP. Carmela López destacou que os concellos están a asumir unha carga económica excesiva na prestación deste servizo básico.

Así mesmo, o BNG conseguiu o apoio unánime do Pleno para reclamar ao Goberno do Estado que negocie coa Comisión Europea a exclusión da frota artesanal do Regulamento de Control da Pesca. O deputado Daniel García pediu que se dea voz en Bruxelas á pesca artesanal galega e instou á Xunta a exercer as súas competencias en augas interiores. Por último, o PP volveu levar ao Pleno a situación da residencia e centro de día de Becerreá, sen éxito. Os populares denunciaron que o proxecto continúa bloqueado e acusaron ao goberno provincial de manter unha estratexia dilatoria.

TOMA DE POSESIÓN



A alcaldesa de Burela, a socialista Carmela López, foi elixida nova presidenta da Deputación tras obter o apoio dos deputados do PSOE, do BNG e do integrante do grupo mixto, o expresidente José Tomé. A súa elección supón a continuidade do acordo de goberno progresista que viña funcionando na institución provincial nos últimos anos.

A votación desenvolveuse sen sorpresas e concluíu coa elección de Carmela López ao acadar os 13 votos necesarios para acceder á Presidencia. A proclamación foi recibida cun longo aplauso tanto no salón de plenos como no espazo anexo, onde numerosos cargos públicos, familiares e persoas achegadas seguiron a sesión.

Tras a proclamación, a nova presidenta xurou o cargo, recibiu o bastón de mando e asinou no libro de honra da Deputación, cumprindo co protocolo institucional. Con esta elección, PSOE e BNG revalidan o pacto de goberno que quedara interrompido a comezos de decembro, cando José Tomé presentou a súa dimisión como presidente tras

coñecerse unha denuncia por presunto acoso sexual.

No seu primeiro discurso como presidenta, Carmela López asegurou asumir a responsabilidade “desde a igualdade” e puxo en valor o camiño percorrido para avanzar na presenza das mulleres na política. Destacou a súa experiencia como alcaldesa, que definiu como “o cargo máis fermoso da política”, e comprometeuse a gobernar con diálogo, proximidade e firmeza, defendendo que o seu compromiso agora é co conxunto da provincia. López salientou tamén o traballo realizado polo anterior goberno bipartito, ao que cualificou de estable e útil, e agradeceu a confianza depositada nela polo seu partido ao longo da súa traxectoria política. Á oposición tendeu a man para acadar acordos que beneficien á cidadanía, insistindo en que por riba das diferenzas debe prevalecer o interese xeral da provincia.

O pleno contou coa presenza de destacados dirixentes políticos, entre eles José Ramón Gómez Besteiro, e Elena Candia.

A Deputación reivindica en Fitur un turismo ligado ao territorio

A Deputación presentou na Feira Internacional de Turismo de Madrid (Fitur) a súa nova estratexia de promoción baixo o lema *Provincia de Lugo, Reserva Natural*, unha campaña que aposta por poñer en valor o patrimonio ambiental da provincia como base dun modelo turístico equilibrado, respectuoso co medio e vencellado á poboación local. A iniciativa foi presentada pola Presidenta da institución provincial, Carmela López, acompañada polo cineasta Óliver Laxe, no expositor de Galicia.

A campaña contou coa participación de dúas persoas ligadas ao

territorio e ao traballo de conservación que nel se desenvolve. Por unha banda, o cineasta Óliver Laxe, de recoñecemento internacional e con raíces nos Ancares lucenses, representante da Asociación SER de Navia de Suarna; e, pola outra, Martiño Cabana, da Asociación Galega de Custodia do Territorio. Ambos achegaron a súa visión sobre dous espazos cunha identidade marcada, que condiciona a forma de vida das comunidades que os habitan.

Durante a súa intervención, Carmela López puxo o acento en que máis do 80 % da superficie provin-

cial conta con algún tipo de figura de protección, un dato que, segundo sinalou, define o carácter da provincia como un espazo diverso, coidado e auténtico, cada vez máis demandado por quen busca experiencias turísticas ligadas á natureza. A presidenta lembrou que a Deputación xestiona dúas reservas da biosfera: Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá.

López defendeu estas reservas como territorios dinámicos nos que o desenvolvemento sostible se constrúe a partir do respecto polo medio e pola identidade local.

CLASES IMPARTIDAS POR UN:
Multimedallista nacional
Bicampeón de España absoluto
Bronce Europeo 2019
Campeón de Europa por equipos en 2021
Mundialista en 3 ocasiónes, 2018, 2022 y 2023

Escuela de
TAEKWONDO
SARRIA

MEJORA DE CONDICIÓN FÍSICA
AMISTAD TRABAJO EN EQUIPO DISCIPLINA
CONFIANZA AMBICIÓN HUMILDAD RESPETO

@AC_TAEKWONDO AC TAEKWONDO 664 765 985

Presentan o calendario do paso do punto limpo móbil polas parroquias



O Punto Limpo móbil desprazase polas distintas parroquias do municipio durante todo o ano. No punto limpo poderán depositarse envases lixeiros e plástico, roupa, calzado e complementos, lámpadas e fluorescentes, aceite de coíña usado, pequenos electrodomésticos, botes de pintura, sprays e aerosoles, e pilas.

Así, en febreiro estará en Barán do 9 ao 15, en Feasita do 16 ao 22 e nas Cortes do 23 ao 28. En marzo, o día 1 estará en Mosteiro Vello, do 2 ao 8 estará sen servizo, do 9 ao 16 estará en Andreade, do 16 ao 22 estará en Aldosende e do 23 ao 29 estará en Suar.

Na primeira semana de abril estará sen servizo, do 6 ao 12 estará en Francos, do 13 ao 19 estará en Cerdexo, do 20 ao 26 estará en Santalla e a última semana de abril e primeira de maio non haberá servizo.

Na segunda semana de maio, estará do 4 ao 10 en Vilaragunte, do 11 ao 17 en Mosteiro Vello, do 18 ao 24 estará en Eirexe e a última semana non haberá servizo.

Xa en xuño, do 1 ao 7 estará en Santa Cristina, do 8 ao 14 estará en Paredes Abaixo, do 15 ao 21 estará en Laxe, do 22 ao 28 estará sen servizo e do 29 de xuño ao 5 de xullo estará en Ferreiros.

Na segunda semana de xullo, do 6 o 12 estará en Aldosende, do 13 ao 19 estará en Outeiro, do 20 ao 26 non terá servizo e do 27 de xullo ao 2 de agosto estará en Barán.

En agosto, do 3 ao 9 estará en Feasita, do 10 ao 16 estará nas Cortes, do 17 ao 23 non terá servizo, do 24 ao 30 estará en Andreade e do 31 de agosto ata o 6 de setembro estará en Aldosende.

Na segunda semana de setembro, do 7 ao 13 estará en Suar, do 14 ao 20 estará sen servizo, do 21 ao 27 estará en Francos e do 28 de setembro ao 4 de outubro estará en Cerdexo.

Xa en outubro, volverá a Santalla do 5 ao 11, do 12 ao 18 non terá servizo, do 19 ao 25 estará en Vilaragunte e do 26 de outubro e ata o 1 de novembro estará en Mosteiro Vello.

No penúltimo mes do ano, do 2 ao 8 estará en Eirexe, do 9 ao 15 non terá servizo, do 16 ao 22 estará en Santa Cristina, do 23 ao 29 estará en Paredes Abaixo e do 30 de novembro ao 6 de decembro estará en Laxe, última parroquia na que estará o servizo, xa que o día 7 retirase para a base e queda o resto do mes de decembro sen servizo.

A ITV móbil agrícola desprazarase a Paradela entre febreiro e marzo

A inspección técnica de vehículos agrícolas prestará servizo en Paradela en varias datas comprendidas entre os meses de febreiro e marzo de 2026.

En concreto, a ITV móbil estará operativa do 9 ao 13 de febreiro e novamente do 26 de febreiro ao 5 de marzo.

A unidade instalarase na vila de Paradela, no recinto feiral, e realizará inspeccións periódicas a vehículos agrícolas, así como a vehículos de obras e servizos cuxa velocidade máxima por construción non supere os 40 Km/h, cun peso en baleiro inferior a 8.000 Kg e cunha anchura máxima de 2.500 mm, sempre que estean matriculados.

O horario xeral de atención será de 9:00 a 13:30 horas pola



mañá e de 15:15 a 18:00 horas pola tarde, agás os días 13 de febreiro, 26 de febreiro e 5 de marzo, nos que só se prestará servizo en horario de mañá.

Ademais, os días 27 e 28 de febreiro e o 1 de marzo a estación permanecerá pechada,

mentres que os días 2, 3 e 4 de marzo abrirá en horario habitual de mañá e tarde.

Para poder pasar a inspección será obrigatorio solicitar cita previa, ben por teléfono no número 902 30 90 00 ou a través da páxina web www.sycitv.com.

O Concello entregou a primeira cesta de benvida do 2026 a Mateo

O Concello de Paradela realizou a entrega da primeira cesta de benvida correspondente á última solicitude por nacemento tramitada no ano 2025.

O protagonista deste lote de produtos de primeira necesidade é Mateo, nado no municipio e empadroado en Andrade. A alcaldesa, Montserrat Mulet, foi a encargada de entregar o lote a Miriam López e Diego López, pais do bebé, destacando que esta acción forma parte das medidas establecidas pola Ordenanza aprobada en decembro de 2023. Segundo esta normativa, cada nacemento ou adopción dá dereito á concesión dun lote de produtos valorado en 200 euros



e dunha axuda económica directa de 1.000 euros, que se abona en dous prazos: o 75% ao solicitarse e o 25% restante cando se acredita a residencia efectiva durante

un ano desde o nacemento. O obxectivo desta iniciativa é fomentar a natalidade e a adopción, contribuíndo á fixación de poboación de Paradela.

LOMA SARRIA s.l.

NÁN

vivendas

Rúa do Peregrino 37, Bajo - Sarria (Lugo)

615 40 23 93 - 653 990 040

info@lomasarria.com

Proyectos que transforman Sarria

CREADOS

• PSICOPEDAGOGÍA

• EVALUACIONES PSICOPEDAGÓGICAS

• LOGOPEDIA Y LENGUAJE

• PSICOLOGÍA Y PSICOTERAPIA

• ATENCIÓN TEMPRANA (0-6 AÑOS)

• ESTIMULACIÓN PRECOZ (2-3 AÑOS)

• REFUERZO EDUCATIVO ESPECIALIZADO

• ESTRATEGIAS Y TECNICAS DE ESTUDIO

INFANTIL

PRIMARIA

ESO

¡Infórmate sin compromiso!

Calvo Sotelo, 183 Bajo

27600 Sarria (LUGO)

626 21 86 28

“O obxectivo é que nos xuntemos e teñamos unha relación próxima”

Falamos co presidente da Asociación Cultural Castro de Rei de Lemos, que leva 25 anos promovendo a actividade nesta parroquia de Paradela

Jessica Fernández

A Asociación Cultural Castro de Rei de Lemos leva máis de vinte e cinco anos sendo un dos principais motores sociais e culturais da parroquia, no Concello de Paradela. Nun territorio marcado polo despoboamento, o envellecemento da poboación e a perda progresiva de servizos, esta entidade converteuse nun punto de encontro imprescindible para manter viva a relación entre veciños e veciñas. Falamos co seu presidente, Antonio López Rodríguez, que repasa a historia da asociación, a súa evolución, as actividades que desenvolven e as principais necesidades ás que se enfrontan.

A asociación nace impulsada pola iniciativa dun emigrante natural de Val de Mosteiro Vello que residía en Barcelona. Segundo explica o actual presidente, aquel primeiro responsable tiña claro que era necesario organizar á veciñanza e crear espazos de convivencia. “A motivación principal era xuntar aos veciños e facer comidas, sobre todo no verán, aproveitando que a xente volvía de vacacións no mes de agosto”, lembra. Esa comida de socios segue celebrándose hoxe en día e é unha das citas máis importantes do calendario anual.

Desde os seus inicios, a asociación mantivo tamén tradicións simbólicas que reforzan o sentimento de pertenza. Un exemplo é a participación anual no sorteo da lotaría co número 1950, o ano de nacemento do primeiro presidente. “Agora xa non está, pero seguimos o seu legado os 112 socios que somos”, sinala, poñendo en valor a

continuidade dun proxecto que pasou de xeración en xeración.

Co paso do tempo, a asociación foi mudando, en paralelo aos cambios demográficos da parroquia. Se nos primeiros anos contaba cun número maior de socios, moitos deles emigrantes retornados ou persoas que residían en cidades como Madrid ou Barcelona, hoxe a realidade é diferente. “Agora a xente que hai é da parroquia, de fóra da parroquia e tamén doutros municipios, como Sarria ou O Saviñao”, explica o presidente. A apertura a outros concellos foi unha resposta necesaria a unha evolución que define como negativa.

O despoboamento é, segundo recoñece, o principal problema ao que se enfrontan. “Todos os anos pecha unha casa porque cando a persoa falece, casa pechada. Están quedando aldeas deshabitadas cada mes”, afirma, alertando dunha realidade que se repite en moitas zonas rurais de Galicia. As cifras falan por si soas: “Antes eramos 365 veciños en Castro de Rei de Lemos, hoxe somos menos de 100”. Esta perda de poboación ten un impacto directo non só na vida diaria, senón tamén na participación nas festas e actividades culturais.

A pesar destas dificultades, a asociación mantén claros os seus obxectivos. O principal, segundo destaca o presidente, é favorecer a relación entre a veciñanza. “O que buscamos é que nos xuntemos e teñamos unha relación entre veciños próxima”, explica. Nun contexto no que as relacións sociais xa non se constrúen como

antes, a asociación funciona como un espazo de reencontro. “Antes nas feiras a intención era coñecerse e falar cos veciños, agora non temos relación máis que cando facemos as nosas actividades”, lamenta.

ACTIVIDADES. Para cumprir ese obxectivo, a Asociación organiza ao longo do ano diferentes actividades que abarcan tanto o ámbito festivo como o social e formativo. Entre as citas máis destacadas atópanse o Entroido, o Campionato de Tute, o magosto ou a tradicional comida de socios no verán, ademais dalgúna excursión puntual. “É a forma de ter relación entre os veciños”, resume.

Nos últimos anos tamén apostaron pola formación, especialmente orientada ás persoas maiores. Co apoio da Deputación de Lugo puxeron en marcha cursos de informática e de manexo do móbil, así como un curso de baile que contou cunha boa acollida. “Quen máis nos valora é a xente maior que a xente nova”, recoñece o presidente, sinalando unha das eivas do asociacionismo rural: a dificultade para implicar ás xeracións máis novas.

Outro dos grandes retos da asociación é a falta dun local social propio. Castro de Rei de Lemos non conta cunha casa da cultura nin cun centro educativo, malia representar unha terceira parte da poboación do concello de Paradela. “Nunca tivo nada”, afirma con contundencia. Ante esta situación, a asociación viuse obrigada a alugar unha nave en Mosteiro



Vello, propiedade dunha persoa allea ao municipio. O alugueiro é posible grazas a unha achega anual de mil euros por parte do Concello de Paradela, aínda que, segundo recoñece, “non chega”. As axudas doutras administracións son escasas. “Da Xunta non temos axudas”, lamenta, aínda que destaca a colaboración puntual da Deputación de Lugo, que permitiu adquirir unha estufa de pellets para mellorar a climatización do espazo. A dependencia dun local alugado xera unha incerteza constante. “Se este señor vende a nave, quedamos sen local”, advirte. Por iso, a principal demanda da asociación é a creación dun local social propio. “Creo que sería moi necesario non só para a asociación, senón para toda a parroquia de Castro de Rei de Lemos”, afirma o presidente, convencido de que un espazo estable permitiría organizar máis actividades e fortalecer a vida comunitaria.

A pesar das dificultades, o presi-

dente defende o papel fundamental da asociación na dinamización cultural da parroquia e do municipio. “É moi importante, pero cada vez hai menos xente e menos xente nova”, recoñece. Tras case seis anos á fronte da entidade, admite sentirse saturado e aposta pola renovación. “Gustaríame que aparecese alguén para substituírme, se fose xente nova sería ideal”, confesa.

Mentres iso non ocorre, a Asociación Cultural Castro de Rei de Lemos seguirá adiante, mantendo vivo un proxecto que, desde hai máis de dúas décadas, demostra que a cultura e a convivencia poden ser ferramentas clave para resistir fronte ao abandono do rural. “Mentres poidamos, seguiremos facendo actividades e buscando a alguén que queira seguir promovendo a vida cultural de Castro de Rei de Lemos”, conclúe o presidente, cunha mestura de cansazo e compromiso que resume á perfección o espírito da asociación.

A CASA

::cenor

Rúa Diego Pazos, 5,
27600 Sarria, Lugo
982 53 09 25
info@electrodomesticosacasa.com

55

Years Anniversary

CARPINTERÍA METÁLICA

- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS

CAMIÑO FRANCÉS

C/ Camino Francés, 41 Sarria (Lugo)
Tel.: 672 149 386 / 982 009 270
caminofrances.aluminios@gmail.com

“Síntome cada vez máis eu, estou na miña mellor versión”

A cantante do Incio, Lucía Pérez, celebra dúas décadas de carreira musical, 15 anos desde a súa participación en Eurovisión e 40 anos de vida

Jessica Fernández

Lucía Pérez Vizcaíno naceu o 5 de xullo de 1985 no Concello do Incio, e desde moi nena estivo moi vinculada á música, participando en programas infantís e festivais nos que comezou a mostrar o seu talento vocal e artístico. Con 17 anos gañou un concurso da Televisión de Galicia que a catapultou á profesionalización, levando á publicación do seu primeiro álbum *Amores y amores* e acadando o disco de ouro galego polas súas vendas. Ao longo dos anos, consolidou a súa carreira con varios álbums, actuacións internacionais e numerosos concertos, demostrando versatilidade e forza interpretativa no panorama musical español. En 2011 foi elixida por voto popular para representar a España no Festival de Eurovisión en Düsseldorf coa canción *Que me quiten lo bailao*, converténdose na primeira artista galega en participar neste certame e recibindo o apoio de varios países, un fito destacado na súa traxectoria artística. Así, este ano celebra dúas décadas de traxectoria profesional na música cunha mirada agradecida e ilusiona-

“Se lle preguntas á Lucía de nena, que soñaba vivir disto, creo que igual non se crería que podería estar 20 anos nesta profesión”

da, marcada pola sensación de estar exactamente no lugar que sempre soñou, aínda que aquela nena que quería vivir deste mundo dificilmente podería imaxinar unha carreira tan longa e sostida no tempo. “Se lle preguntas á Lucía de nena, que soñaba vivir disto, creo que igual non se crería que podería estar 20 anos nesta profesión”, recoñece, ao tempo que se define como unha persoa afortunada por poder dedicarse plenamente á música, a unha profesión que a fai feliz. “A esta vida viñemos a ser felices e temos que enfocar todo para conseguilo, aínda que non sexa fácil”, afirma, resumindo unha filosofía vital que atravesa tanto a súa vida persoal como a súa obra artística. Este aniversario profesional chega, ademais, nun momento simbólico, xa que coincide cos seus 40 anos e

cos 15 desde a súa participación en Eurovisión, unha suma de datas que reforzan a sensación de ciclo vital e creativo. Lonxe de mirar atrás con nostalgia, Lucía Pérez presenta nova música e confesa sentirse cada vez máis ela mesma, máis segura e máis libre. “Síntome cada vez máis eu, máis segura; e aquí seguimos”, asegura, deixando claro que a ilusión continúa intacta.

CONSTANCIA E ILUSIÓN. Con todo, Lucía Pérez non idealiza o camiño percorrido nin oculta as dificultades dun sector no que a estabilidade non está garantida. Asegura que, como en calquera profesión, é imprescindible traballar moito e manter a constancia para poder permanecer. “Hai que seguir, seguir e seguir, a pesar dos momentos baixos”, subliña,

foi determinante para respectar o seu ritmo e o foco artístico que ela quería manter. Esa experiencia servíulle tamén para aprender a elixir mellor quen a acompaña no camiño.

NOVO SINXELO. Dentro desta nova etapa sitúase o lanzamento do seu último sinxelo, ‘Por que no’, acompañado dun videoclip que ocupa un lugar especial na súa traxectoria. A peza audiovisual foi gravada en Lugo, no Museo Interactivo da Historia de Lugo, o MIHL, un espazo no que, segundo explica, se conseguiu plasmar perfectamente a esencia da canción. “É dos videoclips que máis me gustan do que fixen ata agora”, confesa. A canción preséntase como un himno de reafirmación persoal, cunha mensaxe directa dirixida a quen



ao tempo que redefine o concepto de éxito desde unha perspectiva moi persoal. Para ela, triunfar é poder estar aí, facer o que un quere e manterse fiel a si mesma. Nese proceso, considera clave atopar ás persoas adecuadas. “Rodearte de boa xente que pelexe por un é o máis difícil, pero tamén o que che permite manterte firme”, afirma. Nese sentido, lembra con especial gratitude a figura do seu *manager* e produtor, Chema Purón, con quen traballou durante case 15 anos e que

impón límites. “É unha canción verdadeira, unha canción dunha muller sen límites, onde me sinto moi segura, sen filtros, con moitas verdades, onde está o mellor de min. Creo que é a miña mellor versión ata o momento”, afirma. No horizonte inmediato, a cantante atópase inmersa na preparación dunha nova xira, un proxecto ao que se refire con especial entusiasmo. Tras anos acompañada polos mesmos músicos, este ano apostan por un cambio importante na pos-



ta en escena e no repertorio. “Estamos dándolle unha nova forma para que a xente goce no directo”, explica, destacando que é sobre o escenario onde sente a súa enerxía ao máximo. A xira arrancará en Portugal e tamén percorrerá Galicia, cun especial interese polo país veci-

“Dinme moitas veces: ‘Ti sempre estás alegre, resplandesces luz’, e para min é un alago marabilloso”, explica. Así, a cantante defínese como unha muller optimista, consciente de que existen momentos duros, pero convencida de que transmitir positividade, tanto a través da súa música como da súa actitude persoal, é algo importante e necesario.

AS RAÍCES. Por riba de escenarios, focos e proxectos, Lucía Pérez mantén un vínculo profundo co Incio, o

“Formo parte desa esencia cultural do Incio e iso faime sentir orgullosa. Ademais, que a xente recoñeza O Incio, porque é de onde son, é algo que me enche”

lugar ao que sempre regresa para recargar enerxía. A súa aldea, Goó, é para ela un refuxio emocional e familiar imprescindible. “Necesito ir cada pouco á miña casa para coller forza”, confesa. E lembra que O Incio represéntase tamén como un espazo de enorme riqueza cultural, cunha tradición que vai desde figuras literarias como Ánxel Fole ou Marica Campo ata unha forte presenza da música tradicional. “Formo parte desa esencia e iso faime sentir orgullosa. Ademais, que a xente recoñeza O Incio, porque é de onde son, é algo que me enche”, conclúe, reivindicando as súas raíces como parte inseparable dunha carreira que, vinte anos despois, segue medrando con voz propia.

o incio

Analizan as novas axudas para a rehabilitación de vivendas

O alcalde do Incio, Héctor Corrujo, mantivo unha reunión de traballo coa conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, para analizar distintas cuestións de interese para o municipio, entre elas a nova liña de axudas impulsada pola Xunta de Galicia para a rehabilitación de vivendas en concellos de menos de 5.000 habitantes.

No encontro, celebrado en San Caetano, tamén participou o director territorial da Consellería en Lugo, Marco Antonio Piñeiro. Durante a xuntanza, o rexedor trasladou á conselleira diversas prioridades do Concello do Incio, facendo especial



fincapé na importancia destas axudas para facilitar a mellora do parque de vivenda e contribuír á fixación de poboación no rural.

A reunión serviu para intercambiar impresións sobre as

necesidades actuais do municipio e sobre as posibilidades que ofrecen as políticas autonómicas de vivenda e infraestruturas para dar resposta ás demandas dos concellos de menor tamaño.

A Casa Niño 'A Colmea' conta cunha nova directora e educadora infantil

A educadora infantil natural de Bóveda, Eva Rodríguez López, púxose á fronte da Casa Niño "A Colmea", situada na Cruz do Incio, na Rúa Rodeiro, no mesmo espazo que anteriormente ocupou o antigo PAI e onde estivo en funcionamento a Casa Niño Rebiexes, da que agora colle o relevo. O centro ofrece atención a nenos e nenas desde os 3 meses ata os 3 anos, cun modelo educativo baseado no respecto polos ritmos individuais e na creación dun ambiente seguro, estable e acoledor. Segundo explica a propia responsable, o nome elixido para o proxecto responde á idea de cooperación, organización e coidado mutuo, "como nunha colmea, onde cada elemento é importante".

Eva Rodríguez López sinala que, unha vez rematada a súa formación, tivo claro o seu obxectivo de crear a súa propia Casa Niño, apostando por un modelo de atención próxima, familiar e personalizada. Antes de poñer en marcha "A Colmea", contou cunha experiencia previa traballando durante un ano cubrindo unha baixa noutra Casa Niño do Concello do Incio, ademais de participar en campamentos e noutras actividades vencelladas á infancia.

A posta en marcha deste novo servizo supón unha ampliación



da oferta de atención á primeira infancia no municipio do Incio e contribúe a facilitar a conciliación da vida familiar e laboral

das familias da zona, ao tempo que reforza a aposta por un modelo educativo de proximidade no ámbito rural.



triacastela

O CEIP Eduardo Cela Vila abre as súas portas de cara ao novo curso



O CEIP Eduardo Cela Vila abre as súas portas ás familias interesadas en coñecer de primeira man tanto as instalacións como o proxecto educativo do centro, nunha iniciativa pensada para achegar a escola á comunidade e facilitar a elección de centro de cara ao vindeiro curso escolar. O modelo educativo aposta pola proximidade e a atención personalizada ao alumnado.

O centro defende o modelo de escola rural como un espazo de aprendizaxe comunitaria, no que o ensino multigrado se converte nunha oportunidade para favorecer unha educación máis emocional, contextualizada e adaptada ás necesidades individuais de cada neno e nena. A convivencia entre alumnado de diferentes idades fomenta valores como a cooperación, a autonomía e o respecto, ao tempo que permite un acompañamento máis próximo por parte do profesorado.

A oferta educativa complétase

cun amplo abano de actividades e proxectos propios que enriquecen o proceso de aprendizaxe. Entre elas atópanse informática, arte e natureza, así como iniciativas como o club de deporte ou o club de lectura do Oribio. O alumnado conta tamén con acceso á piscina climatizada de Sarria, ampliando así as opcións de actividade física e benestar.

Ademais, o CEIP Eduardo Cela Vila desenvolve proxectos singulares vencellados ao territorio, como a radio escolar Mundotria, o museo escolar do patrimonio de Triacastela, o horto do Oribio como aula de natureza ou o xornal escolar O Papagaio, que permiten traballar competencias clave ao tempo que se reforza a identidade local e o contacto coa contorna natural.

O prazo para presentar as solicitudes de admisión estará aberto do 1 ao 20 de marzo e animan ás familias interesadas a achegarse ao colexio para coñecer de preto o colexio.

FONTANERÍA Y GAS
VILAR VALCARCEL

AEROTERMIA
SUELO RADIANTE
BIOMASA
INSTALACIONES DE CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y GAS

JOSÉ LUIS VILAR LOSADA

C/ Portomarín, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n
27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449
Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com

Organizan as V Xornadas Técnicas de Pesca a Mosca o día 22



O Club de Pesca Río Neira de Lán-cara celebrará o domingo 22 de febreiro as súas V Xornadas Técnicas de Pesca a Mosca, unha cita que nesta edición estará especialmente orientada aos nenos e á divulgación desta modalidade entre os máis novos. As actividades desenvolveranse na antiga Casa Consistorial de Lán-cara, grazas á colaboración da Asociación Cultural Val de Lán-cara, que cedeu as súas instalacións para a realización do evento.

O programa inclúe cursos de montaxe de moscas e de lance dirixidos aos máis pequenos, así como actividades pensadas para persoas que están a dar os seus primeiros pasos na montaxe, ás que se anima a levar o seu propio torno para compartir aprendizaxes de forma práctica. Ao longo da xornada tamén se ofrecerá unha charla sobre a xestión da pesca e haberá demostracións en directo de montaxe de poteras. As xornadas completaranse cunha

comida de confraternización na Taberna Airexe e contarán coa participación de diferentes colaboradores e especialistas vinculados ao mundo da pesca a mosca. Dende a organización destacan o carácter formativo e divulgativo da iniciativa e agradecen o apoio das entidades e persoas colaboradoras que fan posible unha nova edición deste encontro.

AS XORNADAS DO 25. As súas IV Xornadas Técnicas de Pesca a Mosca do ano 2025 contaron cunha grande afluencia de público como socios do club e persoas interesadas na pesca a mosca, polo que houbo persoas facendo moscas houbo material de pesca. Ademais, contou coa participación de destacados expertos, entre os que se atopan Pablo Castro, Raúl Sánchez, Ali Pérez, Joaquín Quintas e Luis Sanda1000. Tamén se lle fixo unha homenaxe a Pablo Castro.

O Entroido contará cun desfile, concurso de disfraces e 2.000 euros en premios

O Concello de Lán-cara xa quenta motores para o Entroido 2026, unha das citas festivas máis esperadas do calendario local, que se celebrará o vindeiro 17 de febreiro na Praza dos Labregos da Pobra de San Xiao. A xornada combinará tradición, música e diversión cun programa pensado para público de todas as idades e cun importante apartado dedicado ao concurso de disfraces.

As actividades arrancarán a partir das 17:00 horas, momento no que está previsto o inicio dun desfile previo polas rúas da localidade, sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan. Posteriormente, a festa trasladarase ao espazo central da celebración, onde terá lugar o desfile final e o concurso de disfraces, acompañado de animación musical a cargo dunha charanga.

O Entroido de Lán-cara contará tamén con inchables e propostas de animación dirixidas especialmente ao público infantil, co obxectivo de converter a tarde nun evento participativo e familiar. O concurso de disfraces estrutúrase en varias categorías, que inclúen modalidades individuais tanto infantís como adultas, para grupos de entre unha e tres persoas, así como comparsas infantís de ata 16 anos e comparsas adultas



para maiores desa idade, todas elas cun mínimo de cinco integrantes. Ademais, haberá unha categoría específica para carrozas, que deberán contar con polo menos dez persoas participantes. O certame repartirá un total de

2000 euros en premios, reforzando así o atractivo da convocatoria e incentivando a creatividade e a participación veciñal. As persoas interesadas en participar deberán formalizar a súa inscrición antes do 10 de febreiro ás 16:00 horas.

O MUVICLA atópase no Salón Internacional Sival en Francia

O Museo Vivo e Integrado do Campo e da Locomoción Agraria de Lán-cara forma parte da delegación española no Salón Internacional Sival, unha das feiras de referencia no ámbito agrícola que se celebra en Angers, na rexión francesa do Pays de la

Loire. A participación será posible tras a súa incorporación á representación estatal impulsada por Business France, un recoñecemento ao labor que desenvolve este proxecto vencellado á divulgación e posta en valor do mundo rural.

Desde a organización do museo salientan que a presenza neste encontro internacional permitirá coñecer de primeira man novas experiencias, innovacións e modelos de traballo relacionados co sector agrario. O obxectivo principal é aproveitar esta oportunidade para seguir aprendendo e incorporando coñecementos que contribúan a mellorar o traballo no campo e para o campo, reforzando así o compromiso do museo coa sustentabilidade, a memoria agraria e o desenvolvemento rural. A participación no Sival supón un paso máis na proxección exterior do MUVICLA, que continúa ampliando horizontes e establecendo contactos que poden resultar clave para o seu crecemento futuro e para a difusión do patrimonio agrícola galego nun contexto internacional.



LIMPIEZAS ISABEL

674 467 444
641 171 951

PRESUPUESTO SIN COMPROMISO

isabellimpiezas@gmail.com

LIMPIEZA DE:

- Comunidades de propietarios
- Post-obra de edificios y locales
- Pisos turísticos y albergues
- Garajes
- Comercios
- Cocinas de restaurantes
- Limpiezas en general

MESÓN ATENEO

PARRILLA - COCIDOS POR ENCARGA - MENÚ DEL DÍA

RESTAURANTE

Ctra. General - Oural (Sarria)

Tel.: 982 546 767
982 546 768



“Facer actividades no rural e crear comunidade é moi importante”

Marta Fernández Horbán preside a Asociación Cultural Val de Láncara desde hai cinco anos, aínda que a Asociación leva en pé desde hai máis de 30 anos

Jessica Fernández

A Asociación Cultural Val de Láncara leva tres décadas sendo un pilar fundamental da vida cultural e social do municipio, unha traxectoria longa que nos últimos cinco anos está encabezada por Marta Fernández Horbán, actual presidenta da entidade. A súa chegada á presidencia produciuse nun momento clave, marcado polo relevo xeracional e pola pandemia, pero tamén pola continuidade dun proxecto colectivo moi asentado no territorio, destacando que boa parte da actual directiva está formada por familiares das persoas que impulsaron a asociación no seu momento. Marta Fernández asumiu a Presidencia en plena pandemia, unha etapa complexa que, porén, non paralizou a actividade da asociación. Segundo relata, “a pandemia non nos afectou demasiado, porque seguimos facendo moitas actividades de forma moi coordinada e organizada”, sinala, poñendo en valor a capacidade de adaptación dun tecido asociativo xa consolidado.

AS ACTIVIDADES. A Asociación Cultural Val de Láncara continúa hoxe o legado recibido, mantendo as actividades tradicionais e incorporando pequenas melloras co obxectivo de adaptarse aos tempos actuais. “Por sorte, temos moito camiño andado e seguimos o legado que nos deixaron, intentando mellorar algunhas cousas”, afirma a presidenta. Entre as citas ineludibles do calendario anual figuran o Entroido, a Festa da malla, o Magosto, o Premio Facer País ou as celebracións vinculadas ao Nadal, ademais doutras propostas culturais

que se desenvolven ao longo de todo o ano.

A Asociación Cultural Val de Láncara aposta pola continuidade das actividades que mellor funcionan, especialmente no verán, con propostas como o curso de piragüismo ou o cine ao aire libre, sen renunciar a introducir novidades dentro da súa liña habitual. A colaboración con outras entidades educa-

tas de Reis, que define como “moi bonitas” polo seu carácter veciñal. O Entroido é outro dos momentos máis esperados do ano, cun formato que combina música, comida e participación activa da veciñanza. A asociación organiza sorteos entre as persoas que acoden disfrazadas, con premios como entradas a un balneario ou comidas, unha fórmula que garante unha elevada



tivas tamén ocupa un lugar destacado, como o traballo conxunto co CPI Ramón Piñeiro ou con centros doutros concellos, como O Páramo ou O Corgo, para organizar actividades culturais con motivo do Día das Letras Galegas. A nivel persoal, Marta Fernández subliña a importancia do Premio Facer País como referente cultural. “Para min, a nivel cultural, Facer País é moi importante e traballamos moita xente por seguir facéndoo”, afirma, xunto a outras celebracións colectivas como o magosto, a malla ou as fes-

asistencia. “É unha actividade que ten moito éxito, porque é unha festa moi bonita, facemos música e contratamos un dúo”, conclúe a presidenta, resumindo o espírito festivo e comunitario que define á Asociación Cultural Val de Láncara desde hai trinta anos.

Entre as propostas que mellor funcionan atópanse as clases de música tradicional e baile, dirixidas a públicos de todas as idades e que se imparten os sábados pola tarde. A resposta da veciñanza é moi positiva, especialmente no caso



da infancia. “Estamos moi contentos porque temos moitos nenos e está tendo moito éxito”, apunta a presidenta, quen considera clave garantir a transmisión cultural ás novas xeracións. As actividades formativas están pensadas para achegar a cultura á veciñanza, cunha presenza moi activa no ámbito rural e cunha participación elevada. “Intentamos facer un pouquiño de todo”, resume.

DINAMIZAR O RURAL. A defensa do rural como espazo vivo e activo é unha das ideas que vertebran o traballo da asociación. Para Marta Fernández, resulta esencial ofrecer alternativas culturais e de lecer sen necesidade de desprazarse a outros lugares. “É moi importante hoxe en día facer actividades no rural, porque parece que fai falta desprazarse para facer cousas, e non é certo”, asegura. Nesa liña, subliña o papel social da entidade como punto de encontro, fomentando actividades interxeracionais nas que participan persoas de todas as idades. “Hai actividades máis enfocadas a nenos, pero veñen pais ou avós, socialízase e créase comunidade”, destaca.

O apoio institucional é outro dos pilares que sosteñen a actividade da Asociación Cultural Val de Láncara. O Concello colabora de maneira habitual, tanto apoiando iniciativas propias da entidade como contando coa súa implicación en actividades organizadas desde a

administración local. Ademais, en determinadas ocasións, a asociación accede a axudas da Deputación.

Con todo, unha das bases fundamentais do seu funcionamento é o número de socios, que supera os 300. Trátase maioritariamente de veciños e veciñas de Láncara, familias do municipio e tamén persoas que, aínda vivindo noutras cidades, manteñen o vínculo coa terra. Estes socios pagan unha cota anual que permite reducir o prezo das actividades e garantir a continuidade do proxecto.

No que respecta ás infraestruturas, a asociación dispón do local social da antiga escola de Láncara, rehabilitada grazas a unha axuda da Deputación, e do local que era a antiga casa consistorial do Concello, situado en Carracedo. Neste último desenvólense clases de baile e música, actividades vinculadas ao Premio Facer País, obradoiros de manualidades ou iniciativas puntuais como un próximo curso de pesca para nenos. Trátase dun local moi utilizado, especialmente durante as fins de semana, o que fai necesarias melloras. “Necesitabamos un cambio de ventás, reformar os baños, contar con calefacción... é un local ao que se lle saca moito partido e que debería estar un pouco máis coidado”, explica Marta Fernández, quen recoñece que seguen solicitando apoio para poder acometer estas melloras.



CERVECERÍA PUB
El mejor ambiente todos los días hasta las 3 de la mañana

TAPAS CASERAS
y elaboradas de 19:30 a 23:00 h

LA MEJOR SESIÓN VERMÚ
sábados y domingos desde las 13:00 h

Disponemos de servicio de retransmisión de fútbol con los mejores partidos de Liga y Champions así como del resto de eventos deportivos

Rúa Da Liberdade, 126, 27600 Sarria



Peluquería
Isolina

Tu peluquería de confianza desde 1987

Avda de Castilla, 19 - Triacastela 617 403 579

o páramo

O colexio acolleu o II Obradoiro de Dirección de Banda da BMCS

O II Obradoiro de Dirección de Banda organizado pola Banda de Música da Comarca de Sarria desenvolveuse no CEIP Plurilingüe do Páramo, cunha proposta formativa centrada na mellora técnica dos directores e no reforzo da relación comunicativa entre quen dirixe e quen interpreta. O curso estruturouse en dúas xornadas cun dobre obxectivo orientado a perfeccionar a preparación de directores profesionais e a traballar a interacción directa cos músicos como elemento clave para o bo funcionamento dunha banda. As sesións alternaron contidos teóricos dirixidos aos directores e impartidos por David Fiuza, con períodos prácticos nos que a banda serviu como espazo real para poñer en práctica os coñecementos adquiridos. Nestas prácticas tamén se ofreceu a posibilidade de que algúns músicos collesen a batuta por primeira vez, como unha iniciación ás artes da dirección, favorecendo así unha visión máis ampla e compartida do proceso musical. Un dos piares fundamentais do obradoiro foi afondar na comunicación entre os dous elementos esenciais dunha banda de música, o director e os músicos, entendida tanto desde o punto de vista técnico como emocional. Dende a organización destacan que unha comunicación fluída entre ambas partes resulta imprescindible para acadar un entendemento sólido que se traduza nun traballo conxunto eficaz e nun mellor

resultado artístico da agrupación. O repertorio seleccionado para o curso incluíu obras como *Música y vinos*, de Manuel Morales Martínez; *A viaxe de Teucro*, de Carlos Rodríguez Torres; *A Lenda de Montelongo*, de Bernardo del Río; *Music for a Festival*, de Philip Sparke; *Elsa's Procession to the Cathedral*, da ópera Lohengrin de Richard Wagner, con arranxo de L. Cailliet; e *October*, de Eric Whitacre. A elección destas pezas supuxo un incremento da dificultade habitual do repertorio da BMCS, co propósito de achegar ao público obras de maior complexidade ao longo da tempada e continuar avanzando no percorrido musical da banda. A celebración deste obradoiro foi posible grazas á colaboración do Concello do Páramo e do CEIP Plurilingüe do Páramo, que cedeu as súas instalacións para facer posible a actividade. Neste contexto, os alumnos de música do colexio do Páramo participaron como convidados xunto co seu profesor Antonio Ibáñez, trompetista da banda, para coñecer de primeira man como soa unha banda de música e como se desenvolve internamente un ensaio, sendo para eles a súa primeira experiencia deste tipo. Dende a directiva da BMCS expresaron a súa satisfacción por achegar este tipo de iniciativas aos nenos do rural e salientan o valor que supón poder ver traballar a un dos directores máis destacados de Galicia a poucos metros das súas casas.

samos

Samos celebrará o Entroido cunha festa infantil o martes 17

Samos acollerá un ano máis a súa festa de Entroido o martes de Entroido, 17 de febreiro, cunha xornada pensada especialmente para os nenos e nenas do municipio e as súas familias. O evento está organizado de maneira conxunta polo Concello de Samos, a Asociación de Comerciantes e Artesáns e a ANPA do CEIP Samos, co obxectivo de ofrecer unha celebración participativa e adaptada ao público infantil. Entre as actividades xa confirmadas figura a presenza da Furgoteca, a biblioteca móbil de Galicia, que permanecerá en Samos desde as 11:00 ata as 15:00 horas, ofrecendo un espazo de lectura e animación cultural ao longo da mañá. Ademais, a partir das 12:00 horas terá lugar un contacontos baixo o nome de 'Contos de



Meigas e Trasnós', dirixido ao público máis novo e pensado para fomentar a imaxinación e o gusto pola lectura. A programación completárase cun servizo de pintacaras, que permitirá aos nenos e nenas caracterizarse e gozar do Entroido cun ambiente festivo e colorido, convertendo a xornada nun

punto de encontro lúdico para toda a comunidade. Ademais, a Asociación de Comerciantes e Artesáns de Samos confirmou que durante a xornada actuará o grupo de música tradicional Son do Ladra e a charanga Sureños para o desfrute tamén dos adultos.

Celebrouse unha xornada sobre actividades agrogandeiras en Samos

O Centro Multiusos do Concello de Samos acolleu o 24 de xaneiro as IV Xornadas sobre as actividades agrogandeiras fronte aos incendios na montaña organizadas pola Sociedade Galega de Pastos e Forraxes coa colaboración da área de Rural da Vicepresidencia da Deputación de Lugo e do Concello de Samos. A cita reuniu a profesionais do sector, técnicos e persoas interesadas na gandaría de montaña como ferramenta clave para a prevención do lume e o mantemento do territorio. e puxo o foco na produción de vacún de calidade como alternativa viable e sostible, así como na realidade da gandaría a tempo parcial. Tras a recepción dos asistentes, o encontro foi inaugurado pola alcaldesa de Samos, Chus López, xunto coa presidenta da Sociedade Galega de Pastos e Forraxes, Isabel Gómez, e estivo centrado na gandería de vacún como ferramenta clave na xestión do territorio e na prevención dos incendios forestais. A xornada abriu cunha análise da situación actual da gandaría de montaña, centrada especialmente no papel das explotacións a tempo parcial. Ao longo da mañá abordáronse distintas experiencias prácticas, como a recuperación da actividade gandeira en Labrada do Lor, na Po-



bra do Brollón, ou o funcionamento dunha explotación de cebo de bois a tempo parcial en Torneiros, en Pol. Tamén se presentou a descrición e análise dunha granxa de carne situada en Lóuzara, no propio concello de Samos, así como os resultados de experiencias desenvolvidas no CIAM sobre o cebo de vacas adultas. As intervencións completáronse con relatorios centrados no cebo de vacas en pastoreo en pequenas explotacións e en aspectos veterinarios como a ovariectomía en vacas adultas destinadas ao cebo, xerando un amplo debate entre os asistentes. Pola tarde, as xornadas continua-

ron coa análise de novas ferramentas aplicadas á gandaría extensiva, como os cercados virtuais e a dixitalización do pastoreo. Tamén se abordou a produción de carnes de calidade e a súa saída ao mercado, antes de celebrar un debate final no que se puxeron en común as principais conclusións do encontro. As IV Xornadas pecháronse coa clausura e cunha visita guiada ao Mosteiro de Samos, que serviu como peche simbólico a unha xornada de reflexión, intercambio de coñecementos e posta en valor da gandaría como elemento fundamental para a prevención dos incendios e o desenvolvemento rural.



SONDEOS CORDERO
Especialistas en pozos de barrena

Más de 30 años de experiencia trabajando en la comarca de Sarria

- Distintos diámetros de perforación desde 125 mm hasta 200.
- Electrobombas solares y eléctricas.
- Hacemos pozos dependiendo de las necesidades de cada cliente.

¡PIDANOS PRESUPUESTO SIN COMPROMISO!

Tfno.: 629 070 720
Triacastela Lugo

COLABORACIÓNS

A Arte do Fluxo Constante

KUNG FU: CANDO A MENTE VENCE Á ESPADA. PARTE II



José Manuel Nunes

Na primeira parte deste artigo expuxemos como o factor psicolóxico condiciona a supervivencia nunha situación de defensa persoal. E se ben na primeira parte centrámonos en aspectos intrínsecos da arte marcial, nesta continuación gustárame desenvolver aqueles outros aspectos de interese para todas as persoas, neófitos e sociedade allea á práctica marcial. Todos somos susceptibles de sufrir un agresión e máis nos tempos que corren, onde a sociedade actual está a experimentar unha transformación social enorme, cun grao de violencia e criminalidade ao que a xente da miña xeración non estabamos acostumados. Así é que, nunha sociedade progresivamente máis perigosa ou, como pouco, menos segura, a defensa persoal é unha utilidade necesaria.

Non sabemos solucionar moitos problemas porque non sabemos xestionar as emocións

Unha vez máis todo orbita ao redor do eixo psicolóxico e da xestión emocional. Está claro que como sociedade arrastramos desde sempre esta grande carencia e que cada vez teño máis claro que

pode ser a principal causa e raíz dos grandes males da sociedade, desde o persoal e familiar ás guerras entre Estados. A filosofía e a psicoloxía non dan de comer, non teñen un valor económico significativo para a maquinaria socioeconómica e sociopolítica. O sistema educativo tal vez mudou a lousa e o xiz por pantallas electrónicas, pero continúa a ser un espello do sistema militar prusiano, cercado aos nenos nun grande edificio perimetrado con arameiras, suxeitos a un toque de entradas e saídas, encaixados en aulas e avaliados por puntuacións nun expediente, sometidos a un proceso de memorización e instrución de contidos para formar empregados ou empresarios. Non hai tempo para desenvolver unha metodoloxía do estudo, mellor enche a mochila de deberes, e na casa búscate a vida. O que importa é a puntuación dos exames. Vales tanto como o número que saques nas avaliacións académicas. Acostúmate a ser un número en expedientes, listas e outros rexistros. Menos aínda hai tempo para exercer a reflexión, para analizar as emocións, para identificar a causa do estrés, da frustración, da tristeza, do ánimo, da motivación, da ira, da envexa, da empatía e da apatía, do individualismo e do colectivismo. Por que cada vez hai máis problemas moi graves de acoso? Porque non sabemos xestionar as emocións, porque Educación tampouco sabe como atallar o problema máis alá de protocolos deseñados nun

despacho. Temos un gravísimo problema, con parellas que discuten moito, con monstros que violan e asasinan, con delinquentes nas rúas... E a resposta da sociedade é meter en celas aos criminais, nun centro con outros indesexables, creando un ecosistema interno entre persoas con problemas sociais, como se iso fose a rehabilitar a alguén. Con isto ponse en evidencia a grande carencia do cultivo da reflexión e da identidade do individuo nunha dinámica de Darwinismo económico no que a persoa é primeiramente un instrumento, forza de traballo e consumidor, e posteriormente, xubilado e unha carga para o Estado.

A maior vitoria é gañar sen ter que loitar

E todo isto que ten que ver co Kung Fu ou cas artes marciais? Pois que o primeiro obxectivo é evitar a loita, evitar a violencia, evitar o conflito, evitar a agresión. Sun Tsu, na Arte da Guerra, di que a finalidade principal é acadar os obxectivos sen ter que someter a ninguén, sen ter que esgrimir as armas. Isto vai desde unha persoa con outra persoa ao eido dun exército contra outro exército. Non sei a orixe do dito, pero en Asia dise que se todos practicásemos a meditación desde nenos, non existirían as guerras no mundo. As artes marciais son unha lección de vida en tódolos eidos, polo menos na cosmovisión propia dos sistemas



chineses, ligados e inseparables da filosofía, da ética e da idealización dun mundo mellor para todos. O Kung Fu non é para destruír, é para salvar, é para axudar, é para protexer. E no relativo ao método, ao instrumento puxilístico, nada vai funcionar ben se as emocións boicotean a nosa praxe ou se non somos quen de proxectar o enfoque mental axitado.

Con todo isto, a onde desexaba chegar é ao feito de que podemos deseñar e impartir tantos cursos de Defensa Persoal como queiramos, incluso, en moitos casos, crear etiquetas moi rendibles como a de Defensa Persoal Feminina, tirando proveito comercial dunha necesidade ou problema moi serio. Pero que importa a técnica sen atallar o factor emocional e psicolóxico? Alguén pode imaxinar o que

pode sentir unha rapaza que é acosada á saída dunha discoteca, por exemplo. Pois é onde debemos analizar, a aplicación técnica baixo ese estrés psicolóxico, pánico, pico de adrenalina...

A técnica correctamente executada funciona de igual modo que cunha polea ou cunha panca podemos levar pesos que directamente sería imposible. Pero na defensa persoal as cousas non son tan doadas como ir ao ximnasio tres horas á semana ensaiar técnicas de ataque e defensa, o que constitúe un fútil intento de conxelar a auga agardando que se comporte como un fluído.

Aquí é onde o Kung Fu, evidentemente o Kung Fu tradicional, ten contidos moi profundos e desenvolvementos, podendo achegar coñecementos valiosos e útiles para a sociedade.



INVISTE EN PARADELA

VIVEIRO DE EMPRESAS

**FAI REALIDADE
O TEU PROXECTO:
VIVEIRO DE
EMPRESAS E
POLÍGONO
INDUSTRIAL.**

20

ANOS



DEPORTES

A Pretorian Race Sarria Xtreme 2026 celebrárase en abril



Sarria volverá converterse o vindeiro 25 de abril nun referente do deporte de aventura coa celebración dunha nova edición da Pretorian Race Sarria Xtreme, unha carreira de obstáculos que xurdiu da iniciativa de corredores para corredores e que, co paso dos anos, se consolidou como unha das probas máis esixentes e ao mesmo tempo máis atractivas do calendario deportivo. A cita reunirá a participantes chegados de diferentes puntos, dispostos a poñer a proba a súa capacidade de superación nunha xornada marcada polo esforzo, o barro e a adrenalina. A proba transformará a vila nun escenario de reto persoal, no que a resistencia física, a forza e a coordinación xogarán un papel clave ao longo de todo o percorrido. A organización aposta un ano máis por un deseño coidado e esixente, pensando para ofrecer unha experiencia intensa e segura tanto para atletas

experimentados como para quen se achegue por primeira vez a este tipo de competicións. Como vén sendo habitual, a Pretorian Race Sarria Xtreme contará con tres categorías diferenciadas, elite, popular e started, co obxectivo de adaptarse aos distintos niveis de preparación e experiencia das persoas participantes. Deste xeito, a proba mantén o seu carácter inclusivo sen renunciar á competitividade e á esixencia que a caracterizan. O percorrido terá unha lonxitude de 7 quilómetros e incluírá un total de 40 obstáculos, deseñados para levar ao límite tanto o rendemento físico como a capacidade mental dos corredores e corredoras. A carreira desenvolverase nun campo de rugby acondicionado especialmente para afrontar este desafío, converténdose nun espazo no que só os e as máis valentes conseguirán superar todas as probas propostas.

A SD Sarriana continúa a colleitar bos resultados deportivos

A SD Sarriana atravesa un momento claramente ascendente tanto no primeiro equipo como nas categorías de base, cun protagonismo especial do conxunto xuvenil, que lidera a liga de 1ª FUTGAL tras encaixar once partidos sen coñecer a derrota. O bo rendemento do equipo sitúao como un dos grandes aspirantes ao ascenso á Preferente FUTGAL, un obxectivo que marca o rumbo da tempada. O adestrador do equipo, Héctor, amosouse “moi contento” co traballo realizado polo grupo e subliñou a boa integración dos reforzos incorporados esta campaña, aos que definiu como xogadores “comprometidos e unidos ao resto do equipo”. Segundo explicou, esa cohesión está a ser unha das claves do rendemento colectivo e da regularidade amosada ata o de agora. Con todo, o técnico apelou á prudencia e lembrou que, malia que o ascenso é o gran obxectivo, a competición está moi igualada e aínda queda moito camiño por percorrer. Nese sentido, advertiu da relevancia das próximas xornadas, cun calendario esixente no que o equipo se enfrontará a rivais directos como o Viveiro, o Milagrosa ou o Guitiriz. “Este mes é moi importante porque xogamos contra equipos fortes e son partidos decisivos”, sinalou.

PRIMEIRO EQUIPO. No que respecta ao primeiro equipo da SD Sarriana, o mes estivo marcado por importantes movementos no cadro de xogadores coincidindo coa apertura do mercado de fichaxes,



cun balance de entradas e saídas que modificaron a configuración do plantel. Entre as baixas máis destacadas figuran as marchas de Iker e Rai, ás que se sumaron posteriormente as de William e Antón, mentres que no capítulo de incorporacións sobresaí o regreso de Keko Vilariño, a chegada do dianteiro Miguel Clavería e a fichaxe de Fer Redondo, un futbolista formado na canteira do Sporting de Gijón con experiencia previa no Arosa e no Barbadás. Ademais, este período deixou un feito salientable para o club coa estrea do canteirán Rubén Mourelo en 2 RFEF, un paso adiante que reforza a aposta da entidade pola formación e proxección de xogadores propios.

MEMORIAL PEDRO CANOA. Por outro lado, xa anunciaron as datas do Memorial Pedro Canoa de Fútbol-8 e Fútbol-11, que este ano celebrará a súa undécima edición. O torneo desenvolverase no Pavi-

llón Municipal de A Ribela durante tres días consecutivos. Así, o 5 de xuño será a quenda da categoría prebenxamín, o 6 xogarán benxamíns e alevíns e o 7 terá lugar o torneo infantil. Na anterior edición, a competición logrou reunir a arredor de 900 mozos e mozas de máis de 70 equipos de 20 clubs nas distintas categorías. O torneo busca manter viva a memoria de Pedro Canoa, persoa moi vinculada ao fútbol local e lembrada pola súa paixón e entrega. Desde hai unha década, este evento serve como tributo e como impulso ao deporte base, fomentando o compañeirismo, a amizade e os valores do xogo limpo. Ademais da parte deportiva, o Memorial Pedro Canoa convértese cada ano nun punto de encontro para familias, adestradores e afección, que atopan nesta cita unha oportunidade perfecta para compartir a súa paixón polo fútbol nun ambiente festivo e saudable.

Sarria acolle unha carreira de resistencia da Liga Galega de Moto de Campo o día 28

O sábado 28 de febreiro, o Polígono do Morelle, en Sarria, volverá encherse de motores coa celebración dunha nova carreira de resistencia da Liga Galega de Moto de Campo. A proba promete unha xornada cargada de emoción e adrenalina, cun percorrido amplo, rápido e técnico, no que non faltarán obstáculos naturais e artificiais. Na competición poderán participar todos os pilotos que dispoñan do seguro anual da Liga Galega de Moto de Campo ou, alternativamente, aqueles que soliciten o seguro de día a través da páxina web da Liga no momento de for-

malizar a inscrición. As motos participantes deberán superar os 124 centímetros cúbicos e cumprir as medidas de seguridade recollidas no regulamento oficial. A xornada dará comezo coas verificacións técnicas, que se realizarán entre as 10:00 e as 12:00 horas. A continuación, celebrarase a carreira infantil de 12:30 a 13:30 horas. Ás 14:00 horas terá lugar a volta de recoñecemento, e media hora máis tarde, ás 14:30 horas, darase a saída á carreira principal. O evento está previsto que remate arredor das 17:00 horas. En canto ás categorías, haberá

competición por parellas, cunha duración de dúas horas e media e relevos cada 25 minutos, distribuídas nas categorías TOP 40, TOP 60, TOP 80, TOP 100 e Mixto, esta última con parellas nas que participe polo menos unha muller. Tamén se disputarán probas individuais cunha duración de unha hora e quince minutos, nas categorías Élite, Junior (ata 23 anos) e Senior (a partir de 35 anos). O programa complétase coas categorías infantís: 50 CC, cunha duración de 15 minutos; 65 CC, con 30 minutos de carreira; e Open, tamén de 30 minutos.

MADERAS Y DERIVADOS

PUERTAS

ARMARIOS

COCINAS Y COMPLEMENTOS

TABLEROS Y TARIMAS

San Julián de la Vega s/n, 27614 SARRIA (Lugo)

Tel. 982 533 505 - Fax 982 531 731

www.maderasgrandas.com | info@maderasgrandas.com

O II Open do Camiño Vila de Sarria deixa un balance histórico

Sarria acolleu o II Open do Camiño Vila de Sarria de taekwondo, unha competición organizada pola AC Taekwondo Sarria que se saldou cun resultado histórico para o club anfitrión, que acadou un total de 66 medallas nun torneo que reuniu arredor de 400 inscritos e inscritas de distintos puntos de Galicia.

Na parte puntuable para a Selección Galega, o Taekwondo Sarria logrou dez medallas que lle permitiron rematar como segundo mellor club desta categoría. As medallas de ouro foron para Carla Rodríguez, Brais Lombardero e Mateo Fernández, así como para as parellas formadas por Martín Varela e Carla Rodríguez e por Brais Lombardero e Claudia Fernández. A medalla de prata foi para Martín Varela, mentres que os bronce recaeron en Sergio Castro a nivel individual, na parella formada por Sergio Castro e Daniela Maside e tamén na parella integrada por Uriel Gutiérrez e Mateo Fernández.

No apartado de parataekwondo, presente nun dos primeiros torneos de Galicia que inclúe esta modalidade, Nicolás González proclamouse campión, acadando a medalla de ouro.

Na categoría *amateur*, creada para fomentar a participación, os resultados foron tamén moi destacados. En competición individual conseguiron ouro Martín Cedrón, Arancha Riveiro, Andrea Vázquez, Uriel Gutiérrez, Samuel Maron, Yeraí López, Cristian Vivas e Miguel Ángel López. As pratas foron para Jaime Dacal, Matías Gallent, Daniel Luengo, Juanjo López, Sara Ruiz, Alejandra Stani-



soara, Iria Gasamans, Fidel del Río, Aylen Pumarega e Izan Rigueiro. As medallas de bronce recaeron en Martiño López, Pedro Jacob, Sara Raposo, Cleopatra Celeiro, Lucas Trebolle, Aaron González, Zulma Portugal, Raquel Vilarín, Marta Calvan, Nathan Fernández, Mauro García e Cloe Gómez.

Nas probas de parellas, tríos e quintetos, o club sumou un elevado número de metais. Destacaron os ouro do quinteto formado por Mauro, Daniela, Cloe, Lucas e Martín, do trío integrado por Claudia Fernández, Inés Bergantiños e Arancha Riveiro, así como dos quintetos compostos por Fir, Nicole, Juanjo, Cristian e Daniel e por Alejandra, Raquel, Zulma, Iria e Marta. As pratas chegaron da man da parella formada por Claudia Fernández e Arancha Riveiro e do trío composto por Fidel del Río, Miguel Ángel López e Sara Ruiz. O resto das participacións saldáronse con numerosas medallas de bronce en distintas modalidades colectivas.

O promotor do evento, Alex Losada, asegurou que esta edición "foi todo un éxito rotundo en todos os sentidos" e subliñou que o club está "moi contento con todos os medallistas". Segundo explicou, os resultados permitiron ao Taekwondo Sarria ser primeiro na clasificación xeral amateur e segundo na parte puntuable, un fito que cualificou de histórico e que confirma unha traxectoria claramente ascendente.

Losada tamén puxo en valor o apoio do Concello de Sarria, tanto na organización como na entrega de premios, e destacou a satisfacción dos técnicos, das persoas participantes, tanto nenos como adultos, así como o impacto positivo do torneo na promoción turística da vila, xa que moitos dos asistentes destacaron a boa impresión que levaron de Sarria. Finalmente, sostivo que "estes torneos son unha gran oportunidade para os deportistas e esperamos seguir promovendo estes eventos deportivos e en Sarria".

Sarria será de novo o punto de saída da V Trail Xacorun o 15 de marzo



Sarria volverá situarse no epicentro do trail galego o vindeiro 15 de marzo coa celebración da quinta edición da Trail Xacorun, unha cita deportiva xa plenamente consolidada que combina o esforzo físico coa conexión directa coa paisaxe e cun marcado espírito de superación persoal. A proba, que medra ano tras ano en participación e prestixio, converterá de novo a vila nun punto de encontro para corredores e corredoras chegados de distintos lugares.

A saída estará situada en Sarria, desde onde a carreira percorrerá os camiños que unen a vila con Paradela e Portomarín, nun trazo de esixente que destaca tanto pola súa dureza técnica como polo seu elevado valor natural e simbólico. O percorrido discorre por treitos do Camiño de Santiago e por espazos de grande beleza paisaxística, ofrecendo ás persoas participantes unha experiencia deportiva que vai máis alá da competición.

A Trail Xacorun manterá o seu formato habitual, con diferentes modalidades pensadas para adaptarse

a distintos perfís de participantes. A carreira principal contará cun percorrido de 23 quilómetros, dirixido a corredores e corredoras con maior nivel de preparación, unha distancia que tamén poderá completarse na modalidade de relevos, favorecendo a participación en equipo.

Ademais, o denominado camiño curto ofrecerá unha alternativa de 10 quilómetros, ideada para quen se inicia no mundo do trail ou para aquelas persoas que buscan unha experiencia menos esixente pero igualmente atractiva.

Deporte e paisaxe volverán darse a man nun evento que, edición tras edición, reforza o seu peso dentro do calendario galego de carreiras de montaña. A Trail Xacorun continúa así atraendo tanto a atletas experimentados como a afeccionados e afeccionadas que atopan nesta proba unha oportunidade para descubrir e gozar do territorio a través do deporte, ao tempo que se promove a actividade física e o valor do entorno natural da comarca.

Tapisa, s.l.
TU FÁBRICA DE SOFÁS A MEDIDA

¡RETAPIZAMOS TU VIEJO SOFÁ!

982 533 165
646 599 185
Crta. Comarcal 546, km 21 Sarria

FACENDA FARRUQUINO

ATENCIÓN FAMILIAR
SOMOS ESPECIALISTAS EN CARNE FRESCA, CO CORTE AO GUSTO DO CLIENTE
DESCUBRE O NOSO EMBUTIDO DE A FONSGRADA

HORARIOS DE LUNS A SÁBADO
Horario continuo de 9:00 a 21:00 h.
DOMINGOS E FESTIVOS
De 10:30 a 14:00 h.

RÚA DIEGO PAZOS 47, SARRIA
www.facendafarruquino.gal

DE RUTA EN RUTA

Ruta do Vento de Trabada

O percorrido permite gozar de espectaculares vistas panorámicas desde o alto de Cerrochán, o punto máis elevado do concello

A Ruta do Vento de Trabada caracterízase pola súa sinxeleza, xa que discorre integralmente por pistas xa existentes e cunha pendente moi suave. Ademais da atractiva contorna paisaxística, o percorrido permite gozar de espectaculares vistas panorámicas dende o alto de Cerrochán, o punto máis elevado do concello, situado a 776 metros de altitude, así como observar unha explotación mineira a ceo aberto. Trátase dun itinerario especialmente axeitado para realizar en bicicleta ou a cabalo, aínda que a súa distancia moderada tamén o fai accesible para completalo a pé.

O punto de partida sitúase na Área Recreativa do Chao do Couso, un espazo dotado dunha ponte, varias mesas e un refuxio. Dende alí tómake a estrada de Riotorto durante uns 300 metros, para logo desviarse á esquerda por un camiño que conduce ata o alto do Cerrochán, desde onde se abre unha magnífica panorámica sobre os vales de Trabada.

A medida que se avanza, aparece un arboredo que envolve ao camiñante e transmite unha profunda sensación de calma, mentres a ambos lados do trazado se estenden fermosas fragas formadas por unha ampla variedade de especies. Ao longo do camiño, a natureza sorprende cun pequeno recuncho en forma de fervenza acompañada dunha fonte. Continuando o percorrido, xa rodeados pola Fraga da Cabanela, chégase a un punto no

que a ruta enlaza coa da Fraga da Vilapena. Dende ese lugar parte un ramal á dereita que permite deleitarse cunha espléndida vista panorámica da Fraga de Vilapena e de Vilaformán, unha extensión opcional que require aproximadamente media hora máis, entre a ida e a volta.

Tras gozar das vistas, retómase o camiño de regreso ata o punto inicial. Parte deste tramo final coincide co trazado da ruta da Fraga da Vilapena e conta cun refuxio de madeira. Ao longo do percorrido é posible apreciar unha notable diversidade vexetal, con presenza de erbedeiros, acivros e castiñeiros, ata que, de maneira progresiva, a paisaxe vai mudando e o sendeiro se abre a un espazo máis transformado pola man do home, no que sobresaen masas de coníferas, especialmente o pino silvestre. Deste xeito, e case sen decatarse, o visitante completa a ruta.

Trabada dispón dunha ampla rede de rutas de sendeirismo que se internan por fragas de extraordinaria beleza natural. Trátase dun territorio pequeno e singular, que agarda en silencio a chegada de quen queira descubri-lo e deixarse levar polas súas múltiples riquezas e vivencias, nun espazo onde é doado sentir o paraíso en estado puro. A esencia deste pobo, Trabada, percíbese a través dos sentidos: vese, escóitase, ulíase, tócase e mesmo se saborea. Un auténtico exercicio de sensibilidade que invita a afinalos, porque aquí a natureza preséntase na súa expresión máis plena.





Pili Madeira

FLORISTAS

bicarelo

📍 Rúa da Liberdade, 137
27600 Sarria (Lugo)

☎ 982 530 015 / 633 226 988

✉ floristeria@servimadeira.es

🌐 www.floristeriamadeira.es

MADEIRA

SERVICIOS FUNERARIOS

Funerarias

Tanatorios

Seguros



Desde 1945

Diego Pazos, 34 27600 SARRIA - Lugo

Teléfono y fax 982 53 00 15

funeraria@servimadeira.es www.tanatoriomadeira.es